ENTRAMBASAUGUAS

A REVISTA DEL NAVIA-EO

Númaro 24 • Primavera 2007 • 1,5 €

MUITO MÁIS QU'UN VOTO.
DOUS PROTAGONISTAS DAS ELECCIÓIS DE 1979 EN TAPIA

FALAVIVA.NET:
AS NOSAS PALABRAS, NA REDE

DARBUKKA. NOITES DE POLAVILA

ASTURIAS
YA LAS TECNOLOXÍAS DEL INFORMACIÓN

ENTRAMBASAUGUAS

Índiz 24

3 *Muito máis qu'un voto: dous protagonistas das eleccióis...*
RAFAEL CASCUDO NOCEDA & TANIA CASCUDO LOZA

8 *Falaviva.net: as nosas palabras, na rede*
ENTRAMBASAUGUAS

11 *Darbukka. Noites de polavila*
EVA RICO VENTOSO

12 *Asturias ya las tecnoloxías del información*
Mª ÁNGELES RODRÍGUEZ MONTAÑÉS

16 *El Río del Covo*
EVERARDO FERNÁNDEZ GONZÁLEZ

17 *A ruta das bodegas (Grandas-Pezós)*
RAFAEL CASCUDO NOCEDA

20 *Café Moderno: ¡cumpreanos feliz!*
FÉLIX MARTÍN MARTÍNEZ

22 *Dalgúas llendas sobre Os Teixóis*
ALBERTO ÁLVAREZ PEÑA

24 *Tres casas, un llugar*
MANUEL GARCÍA-*GALANO*

26 *Cua vista nubrada*
MOISÉS CIMA FERNÁNDEZ

28 *Metamorfosis y baile nel Edén*
ESTEBAN NOGUEIRO FERNÁNDEZ

30 AXENDA

34 EL ARCO DA VEYA

38 EL HOUCHA

ENTRAMBASAUGUAS

Academia de la Llingua Asturiana,
Apartao 574, 33080-Uviéu
Fax: (98) 522 6816

Quérome suscribir por 10 números. El importe da suscripción, 15 € (máis gastos d'envío), heilo a pagar contra reembolso del primeiro número que me manden.

Nome

Apellidos

Dirección

Código Postal Llugar

Teléfono Fecha
firma

Pasadoiro na ruta das bodegas

Edita
Academia de la Llingua Asturiana
Secretaría Llingüística del Navia-Eo

Colaboran
Rafael Cascudo Noceda
Tania Cascudo Loza
Eva Rico Ventoso
Mª Ángeles Rodríguez Montañés
Everardo Fernández González
Félix Martín Martínez
Alberto Álvarez Peña
Manuel García-*Galano*
Moisés Cima Fernández
Esteban Nogueiro Fernández
Iván Iglesias «Cazarón»

Correo y colaboracióis
Academia de la Llingua Asturiana
Apartao Correos-574
33080-UVIÉU
Tlfno.: 98 521 1837• Fax: 98 522 6816
alla@asturnet.es
www.academiadelallingua.com

Diseño
Ástur Paredes & Entrambasauguas

Imprime
Gráfinsa• Uviéu
Tfno.: 985 271 598

Depósito Llegal
AS-2103/96

I.S.S.N.
1137-165 X

ENTRAMBASAUGUAS nun se fai responsable das opiniói espresadas polos sous colaboradores

Se che falta dalgún número pra completar a colección d'*Entrambasauguas*, pódeslo pidir al precio avezao (nos 1-13: 0,90 Euros / nos 14-23: 1,5 Euros), máis os gatos d'envío, al apartao de correos 574 (33080 - Uviéu) ou á dirección de correo electrónico alla@asturnet.es

ENTRAMBASAUGUAS

Pódese mercar en **Navia** (La Villa, Franlu, Arco Iris, Quiosco Los Jardinillos, Quiosco del Muelle), **Xarrio** (Quiosco Hospital), **A Caridá** (Llibreiría Alfonso, Papelería Ana), **Tapia** (Llibreiría Manuel López, Llibreiria Arte) **Castropol** (Ardura), **A Veiga** (Casa Pérez, Llibreiría San Pedro), **Bual** (Llibreiría Pablo), **O Chao** (A Farrapa) y nas principales llibreirías d'**Uviéu**, **Xixón** y **Avilés**.

MUITO MÁIS QU'UN VOTO

Dous protagonistas das eleccióis de 1979 en Tapia

Esta é a foto que da orixe á entrevista. El autor é el Súcaro y nela poden verse d'esquerda a dereta: Diego Fernández, Secundina García, y el secretario del Conceyo, Primitivo Celaya, nel acto de toma de posesión el 19 de abril de 1979

↓ Rafael Cascudo & Tania Cascudo Loza

Empezamos aquí úa restra d'entrevistas nas que queremos achegar os perfiles de personas qu'a miudo acostumamos a ter lamar de cerca, peró que nun apreciamos todo lo ben que debéramos. A primeira entrevista sitúase nel conceyo de Tapia con úa parexa como protagonista, peró é úa parexa desparexa, como el título del obra de Manolo Galano. Trátase de Secundina García —Secundina del Gueiteiro— *y Diego Fernández* —Diego de Servando—*. Hai cuase 28 anos tuveron xuntos presidindo a toma de posesión da primeira corporación democrática tapiega despós da dictadura franquista. Diego por ser el máis novo y Secundina polo contrario, protagonizaron aquel acto el 19 de abril de 1979, y ambos hoi, en vísporas de novas eleccióis municipales, fálannos del sou papel en democracia.*

Despós da morte del dictador Franco en 1975, el país empeza un proceso de democratización que ten como fechas clave el ano 1977, coa celebración das eleccióis xenerales, y abril de 1979, data das primeiras eleccióis municipales. Diego, número sete das listas de UCD pol Conceyo de Tapia, y Secundina, númaro dous da Agrupación d'Electores Independentes, son os guías d'este particular viaxe na hestoria. Coa naturalidá de quen nun necesita de guióis pra falar de lo vivido, coa señardá d'un tempo nel que s'estrenaban libertades ansiadas, ambos comenzaron a charlar animadamente sobre as súas impresióis y sobre el duro trabayo feito.

Conocidos dende hai tempo, Secundina y Diego demostraron que por encima d'ideooxías poíticas pódese luitar por un mesmo obxetivo

Vamos ir al ano 1979. ¿Qué fíades por aquel entoncias?

SECUNDINA. Pos eu trabayaba na llabranza, qu'era el meu modo de vida. Teño poucos estudios, sólo fun á escola hasta os quince anos.

DIEGO. Eu trabayaba en Comercial Casariego y recordo que me chamóu José Manuel Fraga y díxome se quería participar na candidatura d'UCD. Perguntéinye qu'en que númaro iba y díxome que nel sete. Parecéume ben porque é un númaro cabalístico estupendo.

Secundina, ¿cómo foi el proceso pra constituir a vosa candidatura?

SEC.: Costóunos lamar. A candidatura empezóula Sergio del Ocho de Serantes, peró como nun llevábamos siglas fía falta recoyer un númaro de firmas pra poder ser aceptaos. Presentámosla xusto antias de rematar el prazo, porque condo xa taba lista, rompéuse por problemas internos. Algúa xente quería qu'eu fora cabeza de lista, pero nun me vía capacitada pra ser alcaldesa y por eso fun de segunda.

¿Cómo se vivíu aquel momento hestórico pra restablecer a democracia?

DIE.: Foi mui emocionante. Recordo qu'el alcalde salinte, qu'era Paco Quintana, quixo fer un acto pomposo, peró dende Madrid dixeron que nun se fixesen grandes actos, así que me chamóu a min y deume as chaves del Ayuntamento.

SEC.: Foi especial, todos queríamos trabayar, porque en Tapia nun se fía nada.

¿Qué recordades del periodo de campaña?

DIE.: Pos acórdome dos mítines. El primeiro foi en Mántaras. Eu participéin en dous, nel Valle y en Tapia, unde pechamos a campaña. Home, nun foi brillante (risas), peró a xente pasábalo ben. Condo me tocóu falar paséin muita vergonza, porque además, daquela, nun había costume de falar en público. Lo importante era que falábamos con humildá, porque sabíamos que nun íbamos poder executar grandes cousas pola falta de cuartos.

SEC.: Eu participéin en mítines y pasábalo mal tamén porque me poñía mui nerviosa.

Y a noite electoral, ¿cómo foi?

DIE.: Pos eu esa noite taba en Veiga. Al outro día chamóume Fraga y díxome qu'éramos conceyales.

SEC.: Eu taba na casa. Enteréime al outro día.

Primeiros pasos da Corporación

El primeiro encontro da Corporación tuvo que ser mui emocionante...

DIE.: Pos foi el día 19 de abril de 1979 y nun había muita xente nel salón de plenos. Lo primeiro foi

vernos as caras. Condo chegóu el momento de compoñer a mesa, alí tábamos nosoutros dous, Secundina como a máis antigua con 54 anos y eu como el máis novo, con 27. A reunión duróu úa hora. Primeiro presentamos as actas de conceyales y despós de ler todos os nomes, procedimos a votar alcalde. Había dúas opcióis, José Manuel Fraga por UCD ou Juan José Mediante Vares polos independentes. Con oito votos salíu Fraga y tuvo nel cargo ano y medio hasta a súa dimisión, momento nel qu'ocupa el posto José Manuel Peña.

¿Cómo era el trabayo diario?

DIE.: Había unidá cuase sempre, tanto en comisióis como en plenos.

SEC.: Además nun defendíamos siglas.

DIE.: É qu'había úa pureza natural.

¿Cuál foi el principal problema al que vos enfrentastes?

DIE.: Pos a falta de cuartos. Trabayábamos con un presuposto anual de 25 millóis de pesetas y el funcionario que máis ganaba cobraba 30.000 pesetas.

SEC.: Había muitos deseos de fer y trabayar, peró el problema era a falta de cuartos.

¿Qué considerades como lo máis positivo del voso mandato?

DIE.: Lo máis relevante foi a traída de aguas dende Porcía a Tapia. Había úa escasez enorme d'augua y el embalse d'Orxales quedábase seco. Fixemos tamén muitas carreteras como a d'Ol a Mántaras, a primeira pista polideportiva, puxemos parte da luz pública...

¿Y a xente taba contenta ou había muitas queixas?

DIE.: Había bastantes queixas. Lo bon é que condo había algún problema iba toda a corporación hasta el sito, falar coa xente y ver el motivo da queixa. ¿Nun é verdá, Secundina?

SEC.: Si, peró a min tamén me ten vido a ver xente á casa pra pedirme cousas...

DIE.: Trabayábamos con muita ilusión, os resultaos finales nun foron de traca, peró tampouco tan malos...

Úa etapa dura, peró positiva

¿Qué sentimentos vos vein á cabeza recordando el voso papel naquela data hestórica?

DIE.: Recórdolo con muito cariño.

SEC.: Foi úa esperiencia búa y además tíamos muitos deseos de salir d'aquella dictadura. Había qu'ir mui atrás pra entender todo lo que sufrimos...

¿Daquela sentistes medo en algún momento?

DIE.: Non, naquel momento había búa voluntá na xente y deseos de cambio.

A casa de Secundina, conocida como El Gueiteiro y escenario d'este encontro

SEC.: Quizáis el problema foi qu'os que tían tanto afán de cambio, esqueicéuseyes axina...

¿Cómo resumiríades a vosa participación naquela corporación?

DIE.: Eu tuven mui cómodo y nun tuven ningún problema con naide, anque houbo as discusióis naturales, peró sempre civilizadas.

SEC.: Houbo días que vin decepcionada prá casa porque vía qu'el grupo voso taba mui unido y nosoutros tábamos desunidos. Nun quedéin contenta nese sentido porque nel meu grupo todos éramos d'esquerdas peró nun tábamos unidos.

¿Cuál señalaríades como el momento máis difícil?

DIE.: Condo nos tocóu decidir sobre se sacar ou non a carretera de Tapia. Penso que foi un acerto, peró naquel momento penséi que se nos enquivocábamos íbamos armala gorda. Además fixímoslo condo outras localidades como L.luarca ou Navia xa tomaran a decisión contraria. Salín del Conceyo col alma partida por medo a cometer un error.

SEC.: El único qu'escribíu nel periódico pra felicitar al Conceyo por aquella decisión foi Manolo Galano. Dixo que Tapia nun tía por qué perder clientes se ofrecía bus precios. Y nun s'enquivocaba.

¿Y el miyor momento?

DIE.: Houbo muitos. Un día un paisano de Montevideo que polo visto nacera nel Viso, en Tapia, mandóunos ua carta preciosa falando del conceyo y

A PRIMEIRACORPORACIÓN

Data: abril 1979
Númaro de residentes nel conceyo: 5.332
Censo electoral: 3.935
Número de votos válidos: 1.904
Listas presentadas:
1. UCD: 1.232 votos y 8 conceyales
2. Agrupación Independente: 681 votos y 5 conceyales

Corporación:

• D. José Manuel Fraga - Alcalde (UCD)
• D. José Manuel Peña - Primeiro Tenente Alcalde (UCD)
• D. Juan José Mediante - Segundo Tenente Alcalde (Grupo Independente)
• Dña. Mª del Carmen López - Terceira Tenente Alcalde (Grupo Independente)
• D. José Gayol - Conceyal (UCD)
• D. José López - Conceyal (UCD)
• D. Sergio Pérez - Conceyal (UCD)
• D. Diego Fernández - Conceyal (UCD)
• D. Fernando Arias - Conceyal (UCD)
• Dña. Secundina García - Conceyala (GI)
• D. Justo Feliciano Fernández - Conceyal (GI)
• D. José María López - Conceyal (GI)

firmábala poñendo «el bolito de Tapia nel Uruguay». Na carta pedía postales de Tapia, así qu'eu compréin todos os modelos qu'había y, emocionao, contestéiye á súa carta nombrándolo *Abolo de Tapia nel Uruguay*. Condo s'enteraron nel Conceyo botáronme úa bronca porque eu nun tía poder pra dar ese título. Total que pasóu el tempo y volvéu a escribir el bon del home y mandóunos un montón de recortes de periódicos uruguayos unde se resaltaba el nombramento. Foi úa anéctoda simpática.

SEC.: Pra min, ún dos miyores momentos eran os acordos nel Conceyo, esa sensación de servir á xente.

¿Qué ye diríades á xeneración da democracia, a os que naceron coa libertá y pra os que todo esto queda mui lonxe?

DIE.: Pos que de vez en condo hai que mirar pr'atrás y aprender dos pasos dos demáis, anque se teña a vista posta nel futuro.

Y nestos cuase 28 anos ¿en qué cambióu a política?

DIE.: Pos houbo un cambio radical. Eu boto muito de menos qu'en cuestióis de muita importancia os grupos municipales nun señan tapiegos por encima de todo. É qu'eu nun teño ideoloxía condo se trata de Tapia. Tapia é a mía patria. Os Conceyos pasaron de nun ter cuartos a telos hasta pra pagar un xornal a os conceyales.

SEC.: Eu valoro máis a os que nun cobrábamos.

DIE.: Nese aspecto daquela foi brillante. Recordo un día que Peña propuxo qu'eu tuvera liberao y que cobrase 20.000 pesetas y neguéinme porque me parecía vergonzoso y nun era que nun me fixeran falta os cuartos...

SEC.: Peró ás veces é miyor pasar pol mundo fendo de bobo que pasarte de listo.

¿Qué pensades agora condo aparecen noticias referentes a casos de corrupción en Conceyos?

DIE.: É chamadeiro: antias nun había esa posibilidá. A profesionalización da política trai estas cousas.

SEC.: A min cabréame porque hai xente que vai á política a vivir y antias íbamos con honradez. Tamén antias desconocíamos lo que era un Conceyo. Pensábamos qu'era el culpable de todo y el que tía que trabayar prá xente, peró desde fóra é úa cousa y, desde dentro, outra.

¿Volveríades presentarvos?

DIE.: A min volveron chamarme máis veces y dixen que non. Y eso que nun salín escaldao... Nun recordo nada con rencor, anque houbo momentos nos que nun se me tratóu dignamente, peró recordo aquela etapa con cariño.

SEC. Eu sigo presentándome, ahora col PSOE, peró nos últimos postos da lista.

Secundina, a punto de cumprir 82 anos, sigue sendo úa muyer activa y trabayadora que sigue presentándose nas listas del PSOE pol Conceyo tapiego

A tarde foi cayendo pouco a pouco en Ca el Gueiteiro mentras os nosos protagonistas s'enredaban nun debate político actual sobre lo miyor pral futuro d'un conceyo al qu'os dous queren con tolura. Dende distintas posicióis políticas, peró sempre sin perder el amistá y un tono de complicidá, Secundina y Diego foron testigos y protagonistas claves d'un momento máxico, d'un tempo que pra sempre ha ocupar un sito importante na súa memoria.

MÁIS DE CERCA

El sito da entrevista foi Ca el Gueiteiro, na Roda (Tapia), a casa unde casóu Secundina hai muitos anos. El hora da entrevista, despós de xantar. Condo chegamos a Ca el Gueiteiro, recíbennos Secundina y un montón d'animales soltos pola corrada. Viste de diario, polo azul marín de manga curtia, calzóis de xandal del mesmo color y zapatiyas naranxa sin calcetos y calzadas de chancleta.

Secundina ten el pelo cano y leva gafas claras con ariyos douraos. Espida d'alaxas, sin ningún abalorio qu'adorne os sous, polo demáis, espléndidos 81 anos. A lo longo de toda a entrevista acostuma a tar coas pernas algo esparradas y as maos cruzadas, úas maos que descruza y move condo s'acalora ou esplica.

É úa muyer lamar d'especial, luitadora y progresista, capaz de defender y protestar nus tempos nos qu'era difícil manifestar ideas sociales, diferentes das oficiales. Pos ela, sempre col beneplácito del sou home, que la equilibraba y aconseyaba, fíxolo a miudo, espoñéndose a problemas y a críticas. Con «pouca cultura», como dice ela, pos foi á escola pouco, participóu decididamente en sindicatos y movementos sociales mal vistos pol poder d'aquela época escura. Y agora, en democracia, sigue defendendo as súas ideas, socialdemócratas, y participando en todos os eventos culturales, sociales y políticos da comarca y, por suposto, de Tapia.

Diego chegóu un pouco máis tarde al punto de reunión. Vén el noso protagonista mudao, camisa de cuadros azules, calzóis grises azulaos, calcetos mouros y zapatos del mesmo color. Un reló cos númaros grandes y correa de peleyo marrón na muñeca esquerda. Gafas de sol escuras con ariyos cardoxos como el color del sou pelo. Un estuche d'antioyos escuro asomando nel bolso esquerdo da camisa. Na mao dereta dispón d'un bolígrafo pequeno que move al tempo que s'esplica. Ben afeitao, col pelo curtio y peñao coa raya á esquerda. Cruza as pernas aporondando a dereta derriba da esquerda y a lo longo da entrevista descrúzala a miudo condo quer intervir ou ta celergoso. Move muito as maos, peró lentamente, al tempo que s'esplica.

Diego é un home bon en todo el sentido da palabra. Investigador apasionao de todos os temas que tein que ver con Tapia, á que describe como a súa «patria». El programa en Radio-Reló de Tapia, *Un feixe de cousas*, valíuye de marco pra espresar as súas inquietudes. Lougo virían, entre outras colaboracióis, os libros *Tapia en el recuerdo,1860-1960*, feito d'emparzao con José Manuel Acevedo y Luis García, ou os tres libros que conforman *Historia de Tapia a través de sus calles*, feito coa colaboración de Camilo López. Peró Diego sigue investigando: bibliotecas, archivos municipales ou parroquiales y todos aquelos sitos unde poda sacar datos que teñan como protagonista á súa Tapia del alma y ultimamente al sou Veiga d'adopción, é unde hedes poder atopar a este tapiego tan especial.

Despós dos saludos de rigor y de falar entre todos pola corrada de Ca el Gueiteiro, sentámonos y empezamos a entrevista. Os nosos protagonistas sentáronse nun banco de ferro, na fachada principal da casa, úa fachada que dá al sur y que naquelos momentos recibía a calor del sol. Empezamos a nosa entrevista núa tarde temprada de novembre, cuase calente, con Secundina y Diego en mangas de camisa y rematámosla, tres horas despós, condo a tarde esfrecía y empezamos a necesitar poñer máis roupa.

DIBUXO: ALBERTO A. PEÑA

FALAVIVA.NET:

As nosas palabras, na rede

↓ Entrambasauguas

Nunca se viviu un momento como el que vivimos pral cultivo y a difusión escrita da nosa fala. Peró anque as publicaciói en papel aumentan cada vez máis, nos tempos que corren nun se pode esqueicer qu'el futuro pra un idioma ta na súa presencia nos medios audiovisuales y, sobre todo, na rede de redes: a internet. Al cabo de muito aguardar, por fin podemos ter un portal escrito na fala eonaviega: falaviva.net. Y detrás d'él tán Moncho Martínez Castro y el asociación Rapalacóis das Figueiras.

A Moncho Martínez Castro (As Figueiras, 1979) sempre ye interesóu a recuperación llingüística dos conceyos eonaviegos. Xa de novo, na súa participación en entidades políticas y culturales, buscóu el reconocemento y a promoción da fala. Tamén as súas inquietudes lliterarias lo llevaron á poesía, del que son mostra os poemas publicaos en dalgúas antoloxías aparecidas neste ano que salíu. Da mao da súa asociación, Rapalacóis, vén trabayando por fer bulligar as actividades culturales y recreativas del porto pixoto: campionatos deportivos, festas, cabalgatas, noites folk... Y sempre, en todo el sou material escrito, como xa conocerá quen siga *ENTRAMBASAUGUAS*, usando a fala con toda a naturalidá.

El sou interés pola llingua llevóulo a buscar outras vías prá súa difusión da mao d'úa llista de correo col nome de «falaviva». Pra os menos avezaos al mundo da internet hai qu'esplicar qu'úa llista de correo é un grupo de xente al que ye chega cualquer mensaxe que mande á llista dalgúa das personas que forman parte d'ella. É un bon xeito de contactar y intercambiar información entre xente interesada nun mesmo tema. Aquella llista de correo —qu'einda sigue— foi el xermollo del portal *falaviva.net*, úa iniciativa qu'aparecéu na rede el 5 d'outubre de 2006 y que cualquer internauta pode visitar. Peró é miyor que Moncho, el sou promotor, nolo cunte.

¿Por qué discurristes a idea de Falaviva?

Falaviva nace como un intento d'encher el vacío dos medios de comunicación col galego-asturiano y tamén como medio pra faer medrar a presencia da nosa lingua na rede. Nel primeiro caso, como medio formal y continuado nel tempo, os falantes solo temos a revista *ENTRAMBASAUGUAS*, con muita cálida, pro con us contidos y úa periodicidá distinta á que buscamos con Falaviva. Queremos un diario da nosa zona, feito pola xente d'aquí y na lingua mayoritaria nel Navia-Eo, que por agora sigue sendo el galego-asturiano, y todo esto col fondo d'un espírito normalizador nel uso d'esta lingua: que nun nos asustemos al



Úa vista da pantalla cua páxina na rede

ver a fala por escrito y lo consideremos algo normal. Por outro lao, meter el noso medio nun formato dixital dá muitas facilidades: a inversión economica é muito menor —temos que ter en conta qu'este é un proyecto sin ánimo de lucro— y nun se ta tan restrinxido en tempo y forma. Además internet tamén dá úas posibilidades mayores d'interacción col público obxetivo —mediante foros ou encuestas, por poñer un exemplo—, y tamén ch'abre a posibilidá de faer un medio muito máis dinamico qu'os escritos.

Falabas de fer medrar a presencia da nosa lingua na rede...

Si, peró primeiro temos que partir d'úas premisas fundamentales: qu'os falantes de galego-asturiano nun chegan a 50.000, qu'el noso ambito é rural —con úa menor implantanción das tecnoloxías novas—, qu'hai como un aire peyorativo al usar a nosa lingua, que nun ten ningún reconocemento oficial, que tamén temos úas polémicas que nun axudan miga al uso, y que d'estos falantes a inmensa mayoría nun tein formación ningúa nel uso escrito. Tendo en conta esto, y anque nun primeiro vistazo a situación poda pintarnos mui probe ou dramática, vemos que realmente axústase abondo al que son esos condicionantes iniciales. Agora ben, temos que ser críticos con nosoutros mesmos y cuas nosas instituciói: temos muitas páxinas de conceyos, asociacióis, parroquias, etc. y a presencia del galego-asturiano sigue sendo marxinal.

Moncho Martínez Castro

Peró dalgúa cousía xa empeza a haber...

Si, é verdá. Hai intentos de dignificación en blogs personales, en dalgúa páxina de lugares como Ortigueira ou As Figueiras que recoyen vocabularios, ou en diarios dixitales como Navia Digital, pro nun deixa de ser algo anecdótico. El que máis nos esmol é el actuación dos conceyos,

que nun fain ningún caso á fala nin na rede nin na vida non virtual, tendo en conta qu'a fala é, dende el meu punto de vista, el mayor tesouro cultural que temos. Y han a ter que rendir contas á súa conciencia condo nun periodo non mui aló tía case desaparecida.

Pintas un panorama mui mouro, ¿ou?

Ben, ei temos as encuestas: nel ano 1991 era primeira lingua pra un 75% da xente y nel 2002 solo pral 50%. Eu fago úa pergunta en alto: ¿a cóntos nenos das vilas grandes, Tapia ou Navia, yes ois falar en galego-asturiano? Ta claro qu'el futuro, se sigue esta situación, é a pérdida d'este patrimonio. Tamén é verdá que pra mirar de poñerye freno a esto ta el labor que faemos entre todos... y Falaviva axuda nel que pode.

¿Quén tira de Falaviva.net? ¿Tedes muitos colaboradores?

A idea de Falaviva.net parte de Rapalacóis, que é quen fai el proyecto y dá respaldo á páxina, y tamén quen busca a colaboración del Principao d'Asturias al hora de cubrir os gastos de botala a andar. A partir d'ei, queremos qu'este sía un proyecto aberto y que cada lector sía un corresponsal potencial. Por agora, xa chegamos a media docía de colaboradores, pro el potencial é mayor y queremos aprovetalo.

Despóis d'estos meses de funcionamento, ¿cómo vai a páxina? ¿Pódense dar estadísticas?

Nel mes de xeneiro chegamos ás 40.000 visitas á web, lo que nos parecéu úa barbaridá de bon, polo menos pra nosoutros. Despós ves as encuestas que puxemos pra qu'a xente vote y ves qu'é verdá, que si temos muitas entradas. Lo que funciona un pouco menos é el tema dos foros, nos que tíamos abondas

A páxina de Falaviva chegóu ás 40000 visitas nel mes de xeneiro

Falaviva ten el proyecto de brindar un curso de fala na rede

esperanzas de lograr ben debates y tán un pouco paraos. Pra evitar qu'a xente entre sin máis a insultar —qu'é un problema da mayoría dos foros—, os que quiran participar tein que rexistrarse primeiro y eso igual bota pr'atrás a algús. Así y todo, xa temos máis de 40 usuarios rexistraos, que nun ta miga mal, einda máis se reparamos nos handicaps que comentaba antias y que ten a nosa páxina y os nosos conceyos.

¿Qué esperades de Falaviva?

Como xa dixen primeiro, que nun se vexa a nosa fala como algo raro, qu'a xente sepa que se pode escribir na fala y que nel mundo virtual tamén podemos falar. Hai outra cousa interesante: Falaviva pode valir tamen pra qu'a xente s'avece al estándar ortográfico, pra qu'os rapaces que tán estudiando galego-asturiano ou tein interés nel tema vexan que lo único que se fai é poñer a súa fala nel papel —na pantalla neste caso—, sin máis cambeos nin inventos qu'el d'úa mínima corrección, porque esa é úa das críticas dos que tán en contra del proceso normativizador. Y por outro lao, buscamos falar dos nosos conceyos y del galego-asturiano sin buscar polémicas, nun tono civilizao y educao. Esto é mui importante, porque últimamente parece que solo se fala del occidente condo algún iluminao reclama a nosa terra, ou quer decidir él cómo escribimos, ou lo que sía...

¿Pódesnos avanzar dalgún proyecto prá páxina?

Hai un proyecto fundamental na idea de Falaviva qu'é el da formación. Na actualidá todos conocemos a oferta formativa del galego-asturiano y vemos qu'é mui limitada. Un proyecto a medio prazo é el de brindar un curso virtual da fala na rede, pra que todo el mundo, independientemente del sou lugar de nacemento, edá ou horario, poda dispoñer d'un material formativo al xeito pr'aprender a escribir y a avezarse a ler na súa lingua materna. Outra idea en mente é a da recuperación de textos veyos d'úa forma periódica pra qu'a xente vexa que temos úa tradición literaria polo menos dende el siglo XIX.

DARBUKKA
Noites de polavila

↓ Eva Rico Ventoso

A música folk vive en Asturias un momento bon: hai máis grupos que nunca, búas ideas y estilos pra todos os gustos. Nel occidente tamén empezan a nacer grupos que reinterpretan a música tradicional con xeitos y instrumentación unde se mezcra lo novo y lo veyo. Darbukka é ún dos que botaron a andar nestos últimos anos: vein da Veiga y Eva Rico fálanos del sou trabayo y dos sous proyectos.

«Noites de polavila» é unha idea que salíu da cabeza d'Abel Pérez, acordionista nel grupo folk Darbukka da Veiga. Recordando as polavilas d'antano, parecéuye unha boa idea facer unha xunta unde a xente, despós d'unha dura xornada de trabayo falase, cantase, comese… nel prao, xunto al cabazo ou na entrada das casas.

Despós de darye muitas voltas, maduróu a idea y conseguíu levala a cabo gracias al Conceyo da Veiga y en colaboración col «Plan de drogas municipal» qu'este Conceyo ten col de San Tiso d'Abres.

As xuntas fixéronse polos lugares del conceyo: a mayoría, nas escolas rurales, nun sendo en Miou, que foi na caye, y en Piantón, que foi na Igresia Parroquial.

Pra nosoutros, como grupo, supuxo un renacer en toda a estensión da palabra. Despós d'un ano sin facer actuacióis —porque a mía compañeira Rocío y eu fomos madres el ano pasao—, chamáronnos pra ir á Noite Celta de L.luarca, y despós dedicamos el verao a estas actuacióis de «Noites de polavila» y a algunha qu'outra más. Tamén nos servíu pra que muita xente del noso entorno tuvese ocasión d'escuitarnos por primeira vez. Pero sobre todo servíunos pra medrar como personas. É increíble a calor que che brinda a xente cuando nun tán avezaos a que yes fagan cousas d'estas nel sou pueblo. Recíbente con ilusión, con cariño, danche lo que pidas a cambio de nada. Despós de cantar, rir, charlar y, sobre todo, del bon xantar, aprendimos qu'as cousas pequenas son importantes féndolas y recibíndolas con ilusión.

Con motivo das festas de Navidá, fixemos unha actuación nel Centro de Día da Veiga, prá Asociación Suarón, y levamos a cabo un proyecto que tuvo por título «Darbukka canta a Navidá en galego-asturiano», nel que, xunta os nosos temas, interpretamos villancicos y cántigas de todo tipo al más puro estilo darbukkesco.

Neste momento tamos preparando a grabación del noso primeiro disco. Tamos mui ilusionaos porque a maqueta, grabada na Caridá nel estudio d'Ángel Berdiales, gústanos muito cómo quedóu.

Temos muitos temas propios, nos qu'intentamos trasmitir á xente as cousas d'antes, dos nosos abolos, dos nosos antepasaos… Gracias a toda esta xente que nos recibe y nos trasmite el sou saber podemos cantalo y contaryo a os nosos fiyos. Gracias de todo corazón.

asturias ya las tecnoloxías del información

↓ Ángeles Rodríguez Montañés

Muitos son los profesionales de la Informática, d'Asturias, que trabayan fora. Tán vindo, desde alló unde tean, qu'Asturias quer, alomenos quer, daye fruxa a todo lo que teña que ver colas TIC (Tecnoloxías del Información ya las Comunicaciói s), modernizando las relaciói s Administración-ciudadanía, querendo ter úa infraestructura tecnolóxica de comunicaciói s de primeira, puendo facilidades pa qu'haxa nos negocios más inversiói s nas tecnoloxías novas, ya fendo por qu'haxa más empresas del sector informático. Con todo, queda inda muito por amañar, peró —xa lo dixera el conocío poeta de la llingua de Castilla— nun hai camín: hai que fello al andar.

Dáse por suposto que fer cousas pa qu'haxa conta más tecnoloxía meyor fai que medre la capacidá de producir de las naciói s. Las tecnoloxías del información teinse asina por ferramentas muito búas pa la meyora de la competitividá de la empresa ya polo tanto pa que garre fruxa la economía ya todo lo que teña que ver colas atenciói s que se ye podan dar a la xente. Asturias sábelo ben, ya vei meténdose hasta unde pode no más novo de la tecnoloxía del información. Mirando pa outras terras d'alredor nun parece que nos téamos quedando detrás: más ben someña que tamos indo a cuestiói s de meyora tecnolóxica sin tatarabicar nin tenos por menos.

Esas sensaciói s, que son abondo búas, vein de lo que tamos fendo —ou quixéramos fer— no que ten que ver con tres aspectos: informática na Administración pública, infraestructuras informáticas ya de comunicaciói s del territorio ya de las empresas, ya, por último, perspectivas de medría del noso sector d'empresas que fainen servicios informáticos.

El Administración d'Asturias

Las nosas instituciói s trazan de fer —como ten que ser— polo que precisa la xente ou los axentes económicos d'Asturias, pa pueyes soluciói s que yes faigan más llevadeiro todo: entre outras cousas, por exemplo, pa que podan achegase a los servicios públicos conto más fácil meyor. La tecnoloxía é úa búa ferramenta que fai que se podan ter nel Administración meyoras d'eficiencia nos procesos internos, fen-

do medrar asina a pouco ya a pouco la cantidá ya la calidá de lo que fainen.

La tecnoloxía fai servicio pa que nos podan atender en persona, pol teléfono ya pola vía d'Internet, de xeito que poda ser cada día menos complicao fese con informacióis que tein que ver con esos servicios que dá el Administración, ya fer las tramitacióis que faigan falta tamén: sancióis, llicencias, solicitú de subvencióis, certificaos, etc. Internet vese d'este xeito como úa cousa que dá úa gran facilidá pa chegar a esas informacióis ya xestióis a cualquera momento del día. Neste punto pódese falar de la necesidá de dar seguridá, cousa pola que se usa por exemplo la firma electrónica. La certificación dixital ya el pago electrónico tán presentes tamén nesto que ye chaman Administración Electrónica [http://www.asturias.es: Goberno d'Asturias. Información ya xestióis]

P'aforrar ya pa fer pola comodidá de la xente —ya tamén de los que trabayan de funcionarios—, convén aprovetase, hasta unde se poda, de las aplicacióis informáticas que podan ter outras administracióis, ya ter tamén bus xeitos de pañar ou mover datos entre úas ya outras, sempre con seguridá. Esta é outra xeira na que se ta.

El *hardware* —toda la maquinaria electrónica de los ordenadores— ya el software —los programas colos que se trabaya nellos— tenen que cambiase ou optimizase en pasando pouco tempo, pa manter la infraestructura tecnolóxica ben al día ya nas meyores condicióis d'eficiencia. Nun é fácil, peró el Administración d'Asturias presume de trazar de metese en entornos tecnolóxicos que podan daye calidá, garantía, flesibilidá, escalabilidá, eficiencia, alta disponibilidá de las aplicacióis, tolerancia a fallos, etc. Todo tendo cuidao colos costes ya colas miras d'afese ben a los novos tempos que veñan daos por cousas d'organización, procesos ou evolución tecnolóxica [http://www.asturiasenred.com: Web del Programa e-Asturias 2007. Información de proyectos].

Nas casas ya nas empresas pequenas

El acceso a Internet nas casas asturianas ta porriba de la que tenen outras terras vecías, ya tamos muito ben na proporción d'accesos de banda ancha (gran velocidá nas tresmisióis).

Esténdese por toda Asturias la xa ben conocida rede de Telecentros, a la que se pode ir sin coste ningún pa fer uso d'aparatos tecnolóxicos (ordenadores, impresoras, escáner...), formase ya conectase a Internet [http://www.asturiastelecentros.com: Telecentros d'Asturias].

Por outro llao tán los negocios pequenos ou terciaos, que pode que yes falte inda ou teñan pouca presencia de tecnoloxías novas del información ya las comunicacióis. Cualquera aposta ou desarrollo informático que faiga úa meyora nos procesos de producción, comercialización (comercio electrónico, etc.) ya xestión podería aumentar la productividá ya

El desarrollo informático é fundamental nos procesos de xestión de las empresas

la competitividá d'estas empresas non grandes de las que falamos, ya meyorar asina la capacidá de mantese ya medrar d'ellas. El nun ter abondo claro lo que pode chegar a trer de bon esta tecnoloxía pal negocio fai qu'en muitos casos esto nun sea úa prioridá pa los nosos empresarios. Pa qu'esto nun sea úa cousa na qu'enzobeyemos, tánse fendo desde las institucióis llabores de concienciación, diagnóstico, asesoramento, axuda a la implantación de soluciói s, ya formación [http://www.astursat.net: Servicio p'apurriyes a las nosas empresas la «Sociedá la Información»; http://www.piatic.net: Plan d'innovación del autónomo nas tecnoloxías del información ya la comunicación].

Las aplicacióis informáticas pa las empresas

Falóuse antes del *software* —d'esos programas informáticos que vein ou se «cargan» nos ordenadores ya que tanto nos axudan nel noso llabor— ya mencionáronse las características qu'era ben que tuvesen: calidá, garantía, flesibilidá, funcionalidá, etc. Hai qu'aclarar primeiro de nada que las empresas grandes tenen sistemas d'información de más complexidá

Nel Administración, las novas tecnoloxías fain servicio pa que nos podan atender pola vía d'Internet ya fer dalgúas tramitacióis: sacar llicencias, certificaos, solicitú de subvencióis...

ya usan paquetes —aplicacióis estándares, parametrizadas en función de las particularidades que sean— ya/ou aplicacióis feitas totalmente a medida. Lo más normal é que, entre xente de la empresa ya xente d'empresas de servicios informáticos, se diseñen ya se desarrollen seguindo procedimentos d'inxenieiría. Condo esos productos informáticos fallan porque nun tenen algúa d'esas características deseables, poden presentase problemas.

¿Qué é la funcionalidá? Las aplicacióis tenen que fer lo qu'el que las usa espera que faigan, ben feito, interaccionando ben con outras, ya protexendo la información. Pódese puer un exemplo d'úa aplicación feita de pouco ya que sustituía a outra más antigua: un usuario esperaba poder fer úa devolución a un cliente por us doce mil euros (dous millóis de pesetas) d'un conocío refresco de cola. Pero nun puido porque la devolución era d'un tipo especial, ya nun taba contemplao na aplicación, así que tuvo qu'esperar us días hasta que se ye incluíu esa funcionalidá al software. Outro caso ben claro: úa empresa que vende directamente al público miles de productos, que fai ofertas de precio de vez en condo, víuse nun apuro al nun activáseye úa oferta publicitada na televisión nus 300 artículos. Al pasar por caxa el cliente, cobrábaseye mal. Se temos en conta qu'un mesmo sistema d'información pode ter varias aplicacióis conectadas entre ellas podemos entender qu'eso mesmo de la oferta tamén pasara outra vez porque úa de las tres aplicacióis del sistema d'información nun ye mandóu a tempo los datos a la terceira ya última. Tamén hai que falar de la seguridá: se nun se protexen ben los datos podemos topanos con situacióis conflictivas. Por exemplo, que los nosos datos personales acaben en maos de xente que nun debera tellos. Úa vez despediron a alguén que trabayaba núa empresa



La tecnoloxía é úa búa ferramenta na busca de la eficiencia

de servicios informáticos por sacar datos de clientes d'un banco pa que los usase el padre na empresa familiar d'él. Esto pode pasar pa beneficio d'úa empresa piquinía, pero tamén grande: sábese de personas que filtraron, sin dase conta, información comercial a la competencia.

La fiabilidá é nun ter errores nun tempo, ya ter un determinao nivel de rendemento ya recuperación en caso de fallo. Por exemplo, nos primeiros meses de posta en producción d'us almacenes fallaban los procesamentos de pedidos, lo que fía que la xente tuvera que principiar a trabayar más tarde de la hora, los camioneiros esperando, ya la mercancía chegando tarde. Los casos poden ser muitos: días esperando pa recuperar la información de las facturas que se perdera accidentalmente, camióis aguardando pa marchar ben llonxe a falta d'úa factura que nun taba, etc.

Outra característica ben necesaria é la facilidá d'uso: qu'el software sea atractivo pal usuario, que sea intuitivo, que lo entenda, lo aprenda, lo use ya lo controle. El obxetivo é qu'el usuario s'amañe solo ou con pouca axuda, que sepa qué fer en cada momento, que nun sufra pa ter lo que quer, etc. Por exemplo, nun é igual que la páxina del Goberno d'Asturias se chame «www.asturias.es» que como se chamaba antes, «www.princast.es». Anque pareza úa fatada é muito más bon d'acordase. Outro exemplo de la mía esperiencia: indo a fer la declaración de la renta desde el País Vasco —que tenen outras normas fiscales, pero qu'usan úa parte diferente del mesmo programa que tenen nos bancos, por exemplo—, nun taban avezaos a ese tipo de declaracióis ya tuveron que chamar a úa oficina d'Asturias pa saber cómo fello. Ta claro que la aplicación informática nun parecía mui intuitiva. Eso pasa muito nas páxinas web a las que vas a algo mui concreto —que de seguro é lo que vei la mayoría la xente— ya nun sabes por únde tirar p'atopar lo que buscas.

É ben importante todo lo que ten que ver col mantemento: capacidá pa ser modificao, pa diagnosticar deficiencias ya causas de fallos, pa evitar defectos provocaos polos cambios, pa evaluallo. Nun é la primeira vez qu'un programa que fai movementos de stock nun almacén sufre úa modificación pequena que, al fese mal, fai que se destroce toda la información de stock.

Podía falase de más casos, pero tamén hai que deixar claro que los beneficios d'informatizar las actividades de las empresas —grandes ya pequenas— son considerables, a parte de qu'haxa problemas ocasionales que na mayoría los casos acaban por ser situacióis que se recordan como anécdotas al cabo del tempo.

El sector de las tecnoloxías del información

Al falar d'informática ou telecomunicacióis nas Asturias nun se pode esqueicer ún de la nosa Universidá, que pinta muito nel sector: ten capacidá pa fer investigacióis ya, más que nada, enche el mercao de profesionales cualificaos pa trabayar en Asturias ya fora, al más alto nivel [http://www.uniovi.es: Universidá d'Uviéu].

Un fallo informático nos procesamentos de pedidos pode paralizar el tresporte de mercancías

Seguramente, el feito de que todo el mundo se tea comprometendo (Administración, Universidá, empresa ya profesionales) é lo que ta llogrando que d'us anos p'acó pareza que se tea movendo muito más —ou alomenos meyor— el sector d'estos servicios tecnolóxicos d'Asturias, meténdose nél más inversióis desde acó ya desde fora. De ser verdá ya seguir indo asina, poderíanse ter más ya meyores colocacióis, que búa falta fain. Llougo ha vese se se pode manter el camín principiao, se el sector pode seguir erguéndose, medrando a medio ou llargo prazo, se pode especializase, innovar, diferenciase ou cualquera outra cousa que ye faiga fer búa competencia a centros de trabayo d'outros países. Como dixemos a lo primeiro, alomenos nesto de las novas tecnoloxías tense determín, tase andando.

El Río del Covo

Úa vista da Roda (Tapia)

↓ Everardo Fernández González

Pode ser que naide ouguise falar del Río del Covo máis qu'os que vivimos cerca d'él, na Roda (Tapia). Nace nas estribacióis del Pico de Faro máis ben hacia el Este, núa fonte que ye chaman A Fonte del Humeiro. Pode ser qu'esa seña el comenzo, pro según bai baxando pra baxo —porque este río tamén corre pra baxo—, vai recoyendo máis fontes, porque en todo el trayecto hai fontes asgaya. Por se fora pouco, al cruzar el tunel del tren por debaxo da Roda, agarróu as que nacen al outro llado da capital da parroquia. Nun é que ye fixesen falta as del outro llado porque antias xa era abondo abundante como pra mover tres molíos en tempos xa mui atrás. Ún inda ta en pé, anque mui abandonado.

Toda a vida, desque eu nacín —que chovéu cerca de 80 anos—, houbo secas mui llargas, pro nunca secóu. Era truiteiro en abundancia: ¡cóntas temos pañado a mao y con un esquileiro de paso qu'íbamos al herba! ¡Y qué truitas! Pro eso pasóu á historia como muitas máis cousas.

A riqueza que repartíu El Río del Covo y a que ta repartindo é incalculable. Antias, porque regaba muitos días d'aradura de prado y el que tía un prado regadío dicíase qu'era rico, tía muitos llavadoiros feitos na mesma terra unde iban llavar a roupa as muyeres nel brao condo secaban cuase todos os pozos, bebían as vacas y os caballos... Era úa delicia verye correr.

Dicía que seguía repartindo riqueza pro d'outra manera porque agora os prados regadíos tán d'artos y toxos, truitas nun se conocen hai muito tempo, os molíos pasaron a meyor vida, os llavadoiros desapareceron... pro aquella auga cristalina y guapa ta dentro das casas porque se convertíu en traída hai xa muitos anos y os llavadoiros convertíronse en llavadoras, pro coa mesma auga del Río del Covo. Así que, se antias xeneraba riqueza, agora sigue col mesmo fin porque ¿qué máis riqueza que ter el auga dentro da casa prá xente y pral gado?

El nome del Río del Covo nun é el único: ten varios nomes que vai agarrando d'acordo col sito por unde pasa: empeza chamándose El Río da Cal, del Barrancón, das Veigas, del Covo, del Rego del Molín y Xabariz, qu'é unde se xunta col de Porcía. Hoi, coa seca qu'hai, sigue correndo abundantemente. Había que ferye un monumento.

A RUTA DAS BODEGAS
(Grandas-Pezós)

↓ Rafael Cascudo Noceda

Convídovos hoi a fer úa travesía pol occidente d'Asturias recorrendo principalmente terras de Grandas, anque remantándola nel conceyo de Pezós. Estos dous conceyos atópanse nel interior del occidente, limitando Grandas coa provincia galega de Lugo pol sur y cos conceyos de Santalla y Samartín d'Ozcos, Pezós y Allande pola parte asturiana; mentramentes que Pezós ta arrodiao por todos os laos por conceyos asturianos: Eilao, Grandas, Allande y Samartín d'Ozcos. Os dous conceyos tán situados na parte máis alta del Río Navia y nelos axúntanse, núa singular mistura, montañas, ríos, regueiros, poblos, montes y recantos d'estraordinaria guapura, unde inda é posible vivir y disfrutar en plena naturaleza.

Pra empezala hemos ir hasta Grandas y dende alí hemos coyer pola carretera AS-28 que vai hacia A Fonsagrada pasando pol Alto del Garabocho (el que nos letreiros trai «Alto del Acebo»). Despóis de pasao el lugar de Cereixeira, hemos pañar un desvío á dereta que vai hacia Vilarmayor y Vilarello. Por certo, nun taría de máis achegarse a estos dous poblos, posto qu'en Vilarmayor pódense ver tres horros con cuberta vexetal y úa capiya dedicada a Santa Colomba que foi feita a finales del siglo XVII. Tamén ta nese poblo a casúa de Vicente, del siglo XVIII, con torre de pranta cuadrada y capiya dentro da casa. Y en Vilarello podemos ver a casa-palacio dos Robledo, de finales del XVII, un edificio de pranta rectangular con capiya fora y dedicada a S. Xosé.

Peró nosoutros hemos empezar a nosa andadura d'hoi xusto nel momento en qu'empeza a baxar a carretera y antias del cruce que separa as pistas que van hacia Vilarello y hacia Vilarmayor. Nese punto nace úa pista que, despóis de fer úa volta nel alto, nos ha levar un pouquín en dirección sur pra máis tarde virar en dirección cuase norte. É úa pista ou camín de terra con herba pol medio del suqueiro, propio das caleyas con pouco tránsito que fain as rodeiras tayadas polos carros nas veiras del camín. Hemos levar el noiro pola dereta, con toxos y algún árbol y, pola esquerda, el arreboladoiro que baxa hacia el fondal. Nosoutros deixamos el ramal que sigue en chao y de frente, y coyemos hacia á esquerda y en baxada, buscando el fondal, siguindo cuase sempre dirección norte.

Un pouco máis pr'alantre ha virar el camín y de novo nos ha levar durante un pedacín pequeno en dirección sur. Ha meterse pol medio d'un pinar con mezcra d'arboles caducifolios y ha dar núa pista ou carretera que vén da nosa esquerda fendo úa volta grande nel punto d'encontro. Esa pista baxa hacia El Molín de Vitos y vén dende Vilarello y Vitos.

Agora, máis cerca del fondal, hemos poder ver bidureiras y muita folgueira, desaparecendo, cuase del todo, os pinos. De condo en vez hemos pasar por treitos de camín unde abundan os castañeiros.



Enseguida chegamos a Samayor. Samayor é un caseirío da parroquia de Grandas de Salime, al noroccidente da parroquia y al norte del conceyo del mesmo nome. Úa pista local axúntalo coa carretera AS-28 y por ela pódese ir hasta a capital del conceyo, Grandas, que ta a 6 km d'aquí. El caseirío ta situado nun tarrén costedo a 860 metros d'altitú. Aséntase a casa entre eiros y praos con mazueiros na suave ladeira norte que baxa hacia el Río Augüeira, un río que nos ha ruxir por embaxo, nel fondal, recibindo as auguas de muitísimos regueiros que ye entran polas dúas veiras. Al outro lao del río y pola media ladeira, ha poder verse a carretera que xunta Samartín d'Ozcos con Pezós. Hemos cruzar por delantre da porta da casa, pasando por debaxo d'un parral que fai como un arco vexetal por derriba del camín. Hemos ir nese momento paralelos al Río Augüeira andando polas cortías del caseirío. De frente y nun outeiro, hemos poder ver el lugar de Cabanela, por unde hemos pasar máis tarde.

Desque se pasa Samayor, hemos coyer dirección sur por un caminín estreto con lamar d'afloramentos de pedra, deixando d'ir paralelos al Augüeira pra pañar al son d'ún dos muitos regueiros que s'achegan a él pola dereta. Al outro lao del regueiro ha asomar un monte. Hemos ter que cruzar el rego que vai pola nosa esquerda y, al nun haber ponte, haberá que buscar el xeito de superalo sin muita complicación.

A partir del Regueiro da Escureda que s'axunta por aquí col de Vilarmayor, antias de darye toda el augua que train os dous xuntos al Augüeira, el camín vira y coye de novo dirección norte. El carreiro, a partir de cruzar el rego, ha empezar a picar pr'arriba durante muito tempo, fendo úa ascensión longa peró non mui pronunciada. Hemos levar el noiro pola dereta y el fondal pola esquerda y por entre os árboles, muitos d'elos castañeiros, hemos poder ir vendo os vales que tayan tanto el pequeño rego como el Augüeira.

Un pouco despóis, el carreiro dá nun camín máis ancho que vén tamén del fondal, de xunto al río Agüeira, y, úa vez nél, hemos siguir en subida. Agora el Augüeira ha tar máis cerca del camín y ha ruxir lamar por embaxo y pola nosa esquerda. Entre a arboleda, además de castañeiros, hemos poder observar carbayos y bidureiras. Peró todos elos han tar pintaos por úa multitú de mofos de tonos diferentes que ye han dar un gran encanto especial al paisaxe.

Pouco despóis, hemos atopar as primeiras bodegas. A primeira de todas elas hemos avistala pola nosa esquerda y por debaxo del camín, medio tapada entre a vexetación. Enseguida hemos ver outra á dereta y lougo un peteiro d'elas que xurden namáis dar úa volta que fai a senda. Quedan, na inmensa mayoría d'elas, as paredes medio deretas y cuase todas tein os louxaos tiraos y rotos. Peró tamén hai algúa restaurada, en concreto úa, qu'hemos poder ver pola nosa dereta, lougo de cruzar un regueirín. Polo que nos contan d'esta bodega restaurada, ten máis de cen

Pasando ún dos muitos regueiros que baxan al Augüeira

anos y ta reconstruida de pouco. É úa bodega que dispón de dúas prantas; na d'abaxo taban as barricas y na d'arriba, que comunica coa d'abaxo por úa trapela, era unde se fía el viño. Ten dúas portas, a principal, que ta abaxo y dá al camín —del que lo separa úa parede de pedra— y pola parte oeste hai outra que sirve d'acceso al piso d'arriba. Neste piso superior hai un ventano estreto pol qu'entra algo de luz. Tamén nos dixeron qu'aquí chegóu a haber máis de 50 bodegas y toda esta ladeira norte taba mesta de viñas, agora desaparecidas. Xunto á bodega restaurada hemos poder fer úa pousa nel noso andar, aprovetando este sito tan especial pra comer úa fruta sabichando núa contornada preciosa.

Hemos siguir en dirección norte-nordeste y el camín ha ir agora entre castañeiros y pinos, atravesan-

As casas de Cela danye al lugar un sabor antigo

do pol medio de varias bodegas que s'asentan nas dúas veiras da senda. Hemos andar en lixeira subida y pola esquerda hemos contemplar de novo a carretera que vai hacia Pezós. Nel alto d'un outeiro y mirando hacia as nosas costas hemos ver el lugar de Vilarmayor.

Siguindo el noso recorrido hemos chegar hasta un marco que sirve de separación entre os conceyos de Grandas y Pezós. É un marco de pedra que queda chantao na esquerda del noso camín y que de momento, cousa rara, se mantén de pé. Por debaxo del camín y pola nosa esquerda hemos avistar úa pista de terra escavada de pouco.

Hemos siguir subindo y un pouco despóis el camín ha bifurcarse y nosoutros hemos pañar pol que vai pola esquerda y en baxada, polo qu'al pouco hemos dar na pista nova qu'ocupa a caxa del camín veyo. Por esa pista nova pasamos por derriba de dous regueiros que saltan bulicegos buscando el Augüeira. Pasao el segundo dos regueiros, el camín vira y asómase enriba mesmo del vale. Por este treito arralan os árboles y descúbrennos el vale, a carretera y varios lugares asentaos nel outra ladeira.

Hemos siguir en lixeira subida primeiro, pra lougo baxar hacia Cabanela. Agora polas veiras da nova pista ha verse toxo, xesta, uces, folgueiras y de condo en vez algún árbol de pequeno porte.

Un pouco despóis chegamos a Cabanela, un poblo de Pezós situao na veira occidental del pico Barreiro (671 metros), enriba da marxe dereta del Agüeira y mui cerca del límite col conceyo de Grandas. Dista 2 km da capital municipal, coa que se comunica por medio da AS-13, qu'atravesa el río Agüeira xusto al lao d'esta aldea. Nun ten habitantes empadronaos, anque si vive xente de forma estable. Aquí hemos poder observar a presencia estraña d'úa moreira, árbol con úas foyas das que s'alimentan os viermos de seda.

Hemos siguir andando y un cuarto d'hora despóis hemos chegar a Cela, unde inda se poden ver restos d'antigos viñedos, que nos falan d'un tempo, non mui aló, nel que se labraban uvas. A pista que xunta Cabanela con Cela ocupa hoi el antigo trazao del camín veyo, polo qu'as veces hemos poder observar os restos das paredes que pechaban este camín pola mao esquerda.

Cela aséntase núa ladeira ben costa a us 360 metros d'altitú. Queda al pé mesmo da carretera AS-12, lo que facilita a súa comunicación coa capital del conceyo, da que ta namáis a un kilómetro de distancia. Cunta na actualidá con once pobladores qu'habitan tres das súas nove casas familiares. En Cela ta a capiya de San Xosé, con probable orixe nel siglo XVI-XVII. Nestos últimos anos, el 19 de marzo namáis se celebra alí a misa sin romeiría.

Y aquí neste poblo de sabor antigo acaba a ruta d'hoi. Anque tamén la podemos acabar na capital, despóis de baxar el kilómetro que nos separa de Pezós, usando a carretera AS-12.

El caseirío de Cabanela, nel conceyo de Pezós

Tanto en Pezós, como na vila de Grandas, hemos poder ferye outro remate máis interesante se pode ser a esta pequena ruta de montaña, saboriando os pratos tan sabrosos da gastronomía local, qu'han fer as delicias dos caminantes completando el recorrido por estos dous conceyos chíos d'hestoria.

BIBLIOGRAFÍA:

Diccionario Geográfico de Asturias. Ciudades, Villas y Pueblos (2000), Editorial Prensa Asturiana - La Nueva España, Uviéu.

Asturias a través de sus concejos (1998), Editorial Prensa Asturiana - La Nueva España, Uviéu.

Mapa Topográfico Nacional de España. Grandas. 49-IV (18-10). Ministerio de Obras Públicas, Transporte y Medio Ambiente.

CAFÉ MODERNO: *¡Cumpreanos feliz!*

↓ Félix Martín Martínez

El emblemático establecemento hosteleiro tapiego cumpre 70 anos. Posto inicialmente na conocida como Ca Mingón, el primeiro Hotel Moderno abríu as súas portas da mao de Laureano Villar Loza y súa muyer Consuelo Lanza, que lo mantuveron quince anos. En 1936 trasladóuse al edificio actual, seguindo col servicio d'hoteleiría, a base de cuartos ben amprios y graciosos, además d'un comedor grandísimo pra máis d'un cento de personas. Con úa cocía das máis esmeradas, axina se convertíu nel sito de descanso pra transeúntes, viaxantes, etc.

En outubre de 1950 El Moderno foi traspasao al empresario caridego José Alonso López, casao con Teresa Bedia López. Púxose a cantidá de 4.800 pesetas d'arrendo mensual. Aparte, y por 1.250 pesetas, incluíronse todos os elementos propios del negocio, como 18 mesas de mármole, 52 siyas de bringas, un axedrez, un parchís, un billar y úa cafeteira marca Pavóni. El matrimonio mantuvo primeiro el servicio d'hoteleiría apenas dous anos. Así y todo, a cafeteiría seguíu a todo ritmo, y ben axina pasóu a ser el epicentro social da vila.

Alonso, como así foi conocido toda a súa vida, chegara á vila tapiega dende el conceyo vecín del Franco, en bicicleta y con un aparato de radio cuase como único badaxe. El sou afán emprendedor deseguida lo fexo prosperar, sempre da mao del inxenio y as novedades del momento. Cada ano viaxaba por España, y á volta sempre incorporaba dalgúa estratexa comercial nova pra os sous negocios. Toda a súa familia, incluidos os sous seis fiyos, convertíronse en trabayadores máis ou menos eventuales del Moderno, poñendo entre elos turnos pra fregar os cacharros y prá propia atención a os clientes. El mediano dos fiyos varóis, Toño, y con apenas sete anos, amañóu de fer úa bandexa al son del sou tamaño, además de servir na barra emporondao núa caxa de refrescos, cousa que ye fexo ganar abondas propinas entre as cánabas. Ás veces, y gracias ás búas relacióis qu'había col bar que taba na carretera xeneral, conocido por Ca Bobis, el propio Toño encargábase d'ir encher os cuartiyos de viño qu'este establecemento vendía a granel y que, como era bon, gustaba muito a dalgús clientes del café. Tamén, el Café Moderno chegóu a fabricar xelaos artesanos ben ricos, además de barras de xelo, qu'el

pequeno Toño vendía polas casas envoltas en papel de periódico.

A primeiros da década de 1960, El Moderno pasóu a ser, además, el primeiro sito público da comarca (ún dos primeiros de toda Asturias) unde se puido ver a televisión, un luxo que daquela tían ben poucos tapiegos. Así as cousas, tamén se convertíu núa casa de nenos, qu'iban todos a disfrutar dos programas televisivos infantiles, y unde as estrelas galácticas d'aquelos anos relumaban en branco y mouro: Perucho y Chapinete, primeiro, y máis tarde os queridos Locomotoro, Valentina, El Capitán Tan, El Tío Aquiles, etc. Se había un partido de fútbol, muita xente iba al Moderno en bicicleta, cousa qu'aprovetaba Toño pras súas andanzas ciclistas pol conceyo.

Dada a súa ubicación tan al xeito, en pleno centro de Tapia, este establecemento foi tamén parada de taxis, qu'usaban el teléfono (númaro 24), da propia cafeteiría, pr'atender ás súas cánabas. Nel edificio d'al pé, el empresario Alonso abríu a primeiros da década de 1960 un establecemento d'electrodomésticos, y con él un moderno sistema de pago a prazos, cousa que valíu pra que ben tapiegos y vecíos d'outros conceyos achegaos, podesen volar nas primeiras máquinas domésticas, televisores, etc. Este establecemento incluíu además el servicio oficial de gas butano, qu'os fiyos pequenos del empresario, Toño y Pepe, repartían nun carro polas casas.

A terraza del Moderno é sito obrigao nas sobremesas branegas

Al son d'esto, y dende 1965, a mesma familia Alonso empezóu a levar el máis emblemático sito d'ocio y cultura de toda a historia de Tapia, El Edén, con úa oferta hasta que pechóu dafeito en 1987 qu'incluíu baile, teatro, cine y, al cabo, discoteca. Con todo y a pesar del ésito tan grande da tríada d'establecementos (Cafeteiría, Electrodomésticos y Salón Edén), todo dependía en búa medida dos ingresos del Café Moderno. Se había úa búa recaudación comprábanse electrodomésticos; al tempo, contratábase úa búa orquesta pral baile de fin de semana, y asina recíproca y sucesivamente. El Moderno, con un aire de cafetón veyo, mesas de mármole, y un elegante servicio de camareiros (que durmían cuase todos na casa d'Alonso), con chaquetía y paxarita, convertíuse núa cita indispensable.

Nos largos invernos, a vida del Moderno taba (tamén agora) sobre todo nel marabayo estudiantil del Instituto Marqués de Casariego, xusto delantre del establecemento. Por muitos anos, os alumnos nun entraron nel café, a sabendas de que s'iban encontrar (ou miyor dito, volver a encontrar) de focíos cos sous profes. Despóis El Moderno foi invadido polos propios escolares, al reclamo de máquinas recreativas novísimas, a música máis actual, además de, últimamente, el xogo de billar, sendo neste caso os enseñantes os que quedaron al marxe d'entrar nel café.

A partir de mediaos da década de 1960, y en coincidencia col empezo del «boom» turístico en Tapia, El Moderno convertíu os sous braos núa referencia social inevitable. Dende el servicio d'almorzo hasta deshoras, pasando pola sobremesa, El Moderno veu tendo sempre úa máis que leal clientela, enchendo a súa amprísima terraza a todas horas. Foi a referencia de todas as pandas branegas, qu'antias y despóis das súas citas pra os guateques da Volta, as queimadas a media noite, os bailes del Edén, os partidos de fútbol ou as escursióis á Fonte del Figo, xuntábanse nel Moderno núa especie de liturxa obrigada: «Vémonos nel Moderno, corazón...».

Entre tanta animación, a sobremesa foi el tempo das tertulias alredor del café, y entre as que se recorda a qu'amañaron muitos anos os escritores na fala Ramón Santamarina y Manolo Galano, el ex alcalde Joaquín del Colaso, el estudioso local Andrés Méndez, etc., y que taban de parola horas y horas, sin présa peró sin pausa. A media tarde, señoras con apellido de pedigrí lucían as súas galas, netos y demáis familia, hasta el hora del retiro. Despóis da misa dominical, y mentres qu'a vida hosteleira del muelle quedaba namáis nel Bar Cantábrico y A Marina, resultaba obrigao tomar el vermú nel Moderno.

En 2004 este emblemático establecemento tapiego foi adquirido polos heredeiros dos sous primeiros propietarios, na persona del abogado novo Fernando Lebredo. Mantendo esencialmente el ambiente de sempre, púxoye además úa moderna hemeroteca con máis d'úa decena de publicacióis periódicas, rexonales y nacionales, que quén yes dera ter a muitas bibliotecas públicas asturianas, un servicio qu'os acérrimos cafeteiros y «periodiqueiros» de media tarde, agradecemos ben.

El brao que salíu, además, y coincidindo col sou setenta aniversario, el Café Moderno recibíu cos brazos abertos a os históricos xugadores de cartas, que despatriaos del Bar Cantábrico, hai pouco zarrao, y comandaos pol periodista Ramón Sánchez Ocaña, el ex alcalde Manolo Peña y Enrique de Luis, atoparon neste café el sou miyor *órdago a la grande*. A todos, ¡feliz cumpreanos!

Dalgúas llendas sobre Os Teixóis

↓ Alberto Álvarez Peña

Hoi Os Teixóis, na parroquia taramundesa de Veigas, é un conxunto etnográfico ben conocido y esposto al público dende a súa restauración alló pol ano 1988, peró como outros muitos llugares tamén ten al sou alredor contos y llendas das qu'enguano cuasemente naide s'acorda.

Nada miyor que principiar pol empezo: «Casa Pedregueira foi a primeira casa dos Teixóis. Fundóuna un home que mandaran castigado, desterrado alí. Porque daquela mandábanos desterrados a unde nin s'oíra galo cantar nin can ladrar. Despóis xa veu o mazo e todo aquelo» (cuntao por José María Martínez, 93 anos, Arroxo, Taramundi, 25-2-2001). É ben interesante a fórmula del desterro, mui aparecida a os esconxuros contra a tronada que mandan á nubre de tromenta a descargar a «os montes unde nun canta el gallo nin a pita cacarexa, unde nin el llabrador nin el semador sacaron gra nin nada é digno de nombrarse» que podemos encontrar na llouxa de Carriu (Villayón), fechada entre os siglos VI-XII da nosa era, ou dalgús esconxuros d'enguano como este: «Tona, tona reburdiona, más arriba Cristu sona, Dios ampare'l pan ya'l vinu, ya las casas del peligru. Al.lá vaigas descargar, a las penas de la mar, aou nun oigas al gal.lu pintu cantar, nin campanas tocar, nin los bueis reburdiar» (cuntao por María Villar Rodríguez, 67 anos, Combu,Veigal.lagar, Cangas del Narcea, 28-8-2005).

A llouxa de Carriu, Villayón (S. VI-VII)

Aparte d'estas consideracióis sobre a tradición oral, el mazo dos Teixóis xa aparez nel conocido como Catastro d'Ensenada (1752), unde se nos diz que pertenez a «Pedro y Francisco Legaspi, a Francisco Rodríguez y a D. Juan Traverso, vecino este del concejo de Villaformán, en el Reino de Galicia, quien

tiene aforado vitaliciamente la tercera parte que en él le toca a Pedro Flórez en cuatro ducados de vellón, por lo que se regula de utilidad a todos los dueños de dicho mazo doce ducados de vellón anuales»[1].

Outras hestorias que cuntan dos Teixóis falan da Santa Compañía, a procesión d'ánimas en pena: «Cuntaban muitas cousas da Santa Compañía, que se a vían polos camiños tiñas qu'apartarte d'ela porque se non tiñas que seguila pra sempre... Eran sombras, andaban con únha campaniña, tocándoa de noite. Levaban os marcos das terras que foran movendo en vida indebidamente. Pedro de Rei, dos Teixóis, encontróuse coa Santa Compañía. Víu qu'había con ela un home que morrera e que conocía él. Díxolle o morto: 'son fulano e tes que vir comigo á Virxe de Conforto, en Galicia, que teño unha promesa que cumprir, dígocho a ti porque tes un valor estremado, que se llo digo a outra persona e nun hai valor, morre a persona'. Pedro de Rei preguntóulle: '¿Y a chave da igresia?'. Díxolle o morto que nun había problema, qu'él iba ir buscarllo á casa e foron andando. Pedro cansaba. En chegando, taba a porta da igresia aberta. Entraron e recibíunos o santo. Eu nun sei cómo sería. Deixaron alí unhas monedas no altar e volveron pra os Teixóis. Polo camín Pedro cansaba e pararon a descansar. Sentáronse él y o home morto. Era unha noite de lúa clara e díxolle o difunto: 'Mira as estrelas, unhas máis pequenas..., outras máis grandes...' e tal. Pedro miróu e cando volvéu a vista o home nun taba, desaparecera. O difunto era unha sombra moura. Daquela Pedro xa nun vivíu muito, morréu pouco despóis. Dicen que colléu medo cando víu ó home desaparecer» (cuntao por María Bouza, 71 anos, nacida en Lourido, San Tiso d'Abres, 26-2-2001). En muitas hestorias d'estas ánimas en pena piden á xente que yes axuden a cumprir ofrecementos que deixaron sin fer. Ver a Santa Compañía é señal de morte: el que la ve morre al outro ano agá que nella tía dalgún parente, padrín ou un conocido. As ánimas condenadas pola eternidá a acarriar os marcos que moveran en vida pra roubarye us palmos de terra al vecín, aparecen tamén noutras mitoloxías europeas: en Suecia chámanse *Lygte Men* y en Alemania *Luchtenmannekens*. Asoméñanse estos últimos a os fougos fatuos asturianos, col xeito de lluces misteriosas[2]. Tamén en Galicia y Cantabria as ánimas cargan cos marcos mudaos de sito[3]. Era abondo común qu'as ánimas pediran misas pola súa salvación, sobre todo se las tían por dar. Pode valir como exemplo esta hestoria: «Cuntaban cousas de difuntos que vían del outro mundo, de qu'a un home nas Veigas se lle aparecera unha señora de Couces que morrera, que lle dixera que dese unhas misas por ela, que lo taba pasando mal porque llas tía ofrecidas y nun llas dera» (cuntao por Arturo Pastur, 57 anos, El Couso, Taramundi, 25-2-2001).

Hasta aquí estas poucas hestorias dos Teixóis, un llugar unde se recuperóu a súa cultura material, peró unde a tradición oral, a súa cultura inmaterial, sumíuse nel tempo. Agora quédanos buscalla na súa contornada antias de qu'esqueiza pra sempre.

NOTAS:

[1] J. López Álvarez & A. Graña (1998), *Ferrerías, mazos y fraguas*, Principao d'Asturias, Uviéu.

[2] N. Arrowsmith & G. Moorse (1997), *Guía de campo de las Hadas y demás Elfos*, José Olañeta ed., Barcelona.

[3] A. García-Lomas (2000), *Mitología y supresticiones de Cantabria*, Biblioteca Cántabra, Santander.

DIBUXO: ALBERTO ÁLVAREZ PEÑA

TRES CASAS, *un llugar*

↓ Manuel García-*Galano*

Das tres casas que compoñían el chamado Llugar de Baxo, na parroquia das Penasoucas, nomáis núa d'ellas vivían da llabranza y del gado, máis ben del gado; era a de Bernaldo del Espieiro, que soupera ver a tempo a necesidá de darye úa volta a todo aquel modo de trabayar, que vía de tan veyo; y costáraye, costáraye caro convencer a sou padre, hoi xa defunto, apegado inda a úa rutina que nun llevaba a ningún sito, peró con muito trabayo, aprovetando as axudas «de riba», como el dicía, y meténdose en créditos pra mecanizarse («empeñéime hasta as oreyas»), todo fora salindo ben. El que Conchía, a súa fiya grande, tuvese estudiando pra inxenieira en Xixón, dábaye agayo pr'apencar col muito batán al que tían qu'atender él y a súa muyer, axudados pol outro fiyo que pintaba terye llei a un trabayo, el de sous padres, del que tanta xente nova escapaba.

Á veira de baxo de ca Bernaldo taba a da tía Pilara da Palomba, qu'era úa búa casa ás cuatro augas, das que xa quedaban poucas, y na que tamén, hai anos, tían tido llabranza y gado, peró a tía Pilara, al quedar viuda y sola («llevóume Dios al meu Xuaquín») desfixérase de todo.

—Llougo quedará tamén balleira a mía casa, como quedóu a de Carlóis— dicía ella ás veces.

Y era que Carlóis y os sous foran os vecíos da terceira casa del llugar, agora zarrada. Y nun se zarrara polas mesmas razóis qu'a tía Pilara auguraba prá súa, non, sinón porque un caseirío pequeno como el de Carlóis, que nun consiguira, ou nun podera, aferse á modernidá, como el de Bernaldo, daba nomáis pra iren subsistindo, y mal. Así que, us primeiro y outros despóis, foran todos buscando «a súa madre de Dios», como dicía a tía Pilara —que sempre mentaba a Dios nas súas espresióis— y acabaron pechando a porta.

—Debe ser el sino dos tempos —pensaba a tía Pilara.

Ella, cos sous oitenta y máis anos ás costas, era como el notario de cuase todos os aconteceres da parroquia («este ano veron cedo as andulías»), peró esmolíase vendo cómo tantas casas iban quedando balleiras. Úa acó y outra alló, úa hoi y outra mañá, as súas chamenías deixaban de fumiar. «A xente nova vaise, nenos cuase nun nace ningún..., vamos quedando un pueblo de veyos».

Así reflesionaba a tía Pilara, qu'era úa muyer pequeneira, enxuita de corpo, y que siguía mui fiel a os modos de vistir dos sous antepasados: pano á cabeza, toquilla ben atotada nel inverno, galochas de zapatiya («pra ter os pés calentes, ¿sabes?»), y zagalexo si fía falta. Y nun era conservadora nomáis nel modo de vistir, sinón tamén nel de falar: ella siguía chamándoye tixella á tixella, cuyar á cuyar y paxello al paxello.

Conchía, a fiya de Bernaldo, llevábase lamar de ben cua tía Pilara. Y a tía Pilara con ella. Queríanse como bola y neta. ¡Qué máis houbera deseado a tía Pilara sinón que lo fora de verdá!, peró «nun nos deu Dios fiyos al meu Xuaquín y a min». Condo se vían ella y Conchía —qu'era sempre qu'a nena chegaba dende Xixón á súa casa—, dábanse un abrazo y chu-

Soupera ben a tempo a necesidá de darye úa volta a todo aquel modo de trabayar, que vía de tan veyo...

chábanse, peró con chuchos de verdá, non eso d'arrimar os papos y dar el chucho al aire, non.

Conchía tríaye, de vez en condo, úa llambiscada á tía Pilara y a tía Pilara invitábala a café, que tomaban sentadas, cadúa nel sou tayolo, debaxo da figueira que tía nel horto de tras da casa, unde tamén había pesegueiros, úa naranxeira, úa cereixeira, pereiras y maceiros qu'el tío Xuaquín fora prantando ou inxertando.

Antroidaba Conchía escuitando á tía Pilara condo ye contaba cousas d'outros tempos, y ouguíndoye vocablos da nosa fala qu'a ella xa nun ye suaban: «Toma el café, que che vai esfrecer», ou «escarrolléime, escordéi un pé y dólcheme ben el nouguello». Aquello, pra Conchía, era un esguince de tobillo, claro. «Peró nun vayas a pensar que porque visto y falo como noutros tempos nun sei tamén vivir nestos».

Eso ben lo sabía Conchía; a tía Pilara taba al tanto de todo: nun podería esplicar lo qu'é a globalización, peró nun la piyaba de novo a palabrexa.

—¿Ve muito a televisión, tía Pilara?

—Vexo, vexo, peró escoyo; vexo el que me ten al tanto del que pasa nel mundo, y cousas así, nun m'empapizo.

—Y os políticos, ¿escúitalos?

—Ás veces escúitolos un bocadín, peró nun che me caso con ningún.

A tía Pilara, a pesar dos sous muitos anos, tía a cabeza ben despexada y as respostas sempre las topaba axina.

Aquel día nel que Conchía tuvera que vir á casa nel auto de linia («¡qué paliza de viaxe, tía Pilara!»), tuvo na punta da llingua contestarye qu'a xente nova nun sabía el qu'era llevar úa mala xeira; malas xeiras lleváranlas ella y outras indo hasta el río del Barrancón con un feixe de roupa na cabeza y el caxón pr'arrodiyarse, debaxo del brazo. Peró nun yo dixo. Pra qué dar queixas; al fin y al cabo aquello xa quedaba mui llonxe. Era miyor siguir escuitando a Conchía, que la tía al tanto del mundo da xuventú, y nun anoxalla. Anque llougo la sorprendese outra vez a nena condo ye dixo que nun era todo chao prá xente nova, que tía compañeiros que, sin faltárenyes nada, se sintían desmotivados, como defraudados, sin seren quen a ilusionarse con daqué... «Nun sei cómo esplicaryo, peró eu enténdolos, y dayéme pena».

Outra vez ye veu como un rellustro al pensamento dicirye a Conchía: «Á nía, ¿nun será que tán coxados de tanto ter?, ¿nun será que revician?». Peró tampouco yo dixo. Veu xusta a chamada al móvil de Conchía, y mentres la ouguía falar, miróuye pra os oyos, qu'eran pra ella un espeyo nel que vía a toda a xente nova, na que tanto de bon reconocía, y escorréu aquel pensamento da súa cabeza tan axina como xe chegóu; y alegróuse, alegróuse de nun dar solta al que sería un sofronazo prá nena.

Llougo anoitecía, y aquellas dúas muyeres, tan separadas na edá, peró tan achegadas na amistá, siguían parllando debaxo da figueira.

CUA VISTA NUBRADA

↓ Moisés Cima Fernández

Falín chegóu a casa y puxo a televisión. Nella un homón grande y outro dalgao turnábanse pra martellar con un mazo nun muro, al tempo qu'un feixe de xente emocionada berraba tolla d'alegría, dous rapaces saltaban enriba da parede y úa moza roxa choraba y ría a un tempo. Nesto el home dalgao deu en fer un furaco na parede y el homón metéu as maos nél y púxose a tirar hasta que d'aquel furaco fexo un boquete enorme. ¡Detrás da parede había muita máis xente furando nella! El neno vía todo esto na tele con úa emoción que nun era quen a esplicar d'únde salía. Entós el home del parte dixo «El muro de Berlín ta sendo esbarrumbao: Alemania reunifícase» y a gayola chegaba a todo el mundo.

En todo el mundo se falaba da reunificación, da Perestroika, del fin da Guerra Fría... Pasóu el tempo y parece qu'aquellas búas intencióis quedaran en ben pouco. Tras a caída del comunismo as antiguas repúblicas soviéticas pouco conoceron d'aquellas famosas bondades del capitalismo. Quizabes, quén sabe, os políticos nun souperon tar al altura das circunstancias; quén sabe se foi qu'el bloque occidental nun quería compartir el pastel col antiguo enemigo. Llougo chegóu el apertura del mercao chino y a gran potencia «comunista» foi tamén a potencia dos productos Disney *made in China* y da roupa a precio baxo.

Á xente da xeneración de Falín, os nacidos nas décadas dos 80 y 90, enseñáranyes que todo el que quixeran taba na súa mao. Féranyes crer que veran al mundo pra mercar minicadías y ligar cuas rapazas de minifaldas imposibles que taban nel fondo del bar, das qu'entre el escuridá s'adiviaban as máis guapas. Peró Falín nun tía cuartos prá minicadía y as nenas guapas da minifalda metíanye a llingua na gorxa a outros que nun eran él, a os que Falín odiaba y admiraba a un tempo, y a os que, sobre todo, envidiaba.

Pasaron anos y inda condo Falo nun touvo nunca a minicadía nin a moza de minifalda —nin a da minifalda nin el outra—, siguiron contándoye qu'el mundo taba a un paso, qu'el futuro era d'él. Llougo dixéronye aquello de que na súa terra «¡claro qu'hai trabayo!» y ben cedo sóubose a sí mesmo feito toda úa llenda urbana, sóubose a sí mesmo marchando da súa terra a trabayar de daqué que nun tía que ver colo qu'estudiara.

Falín chegóu a casa —vaya, casa é un dicir, porque taba mui llonxe da súa casa— y puxo a televisión. Nella un grupo de mozos franceses y inmigrantes queimaban un autobús porque parece ser que nun taban mui contentos cos plais d'empreo qu'el sou Goberno tía pra ellos. Un mozo árabe tiróu úa pedra contra un Mercedes y úa rapacía berraba cabreada mentres enseñaba el dido del medio á cámara. D'aquellas palabras en francés Falín sólo soubo descifrar us poucos nomes —«Villepain», «Chirac»— y parece que falaba del Contrato del Primeiro Empreo condo dicía «merde, merde». Falín nun podía entender el que dicía aquella nena, peró de dalgún xeito sintíu que lo convencía. Daqué nél ye dicía que tía dalgo en común que lo unía irremediablemente con aquellos mozos franceses.

—Chegóu úa carta d'Asturias —dixo el sou compañeiro de piso, condo lo víu entrar pola porta.

Cuase como un poseso, Falo abríu el sobre pra ller as lletras de súa madre, que ye escribía pra dicirye máis ou menos lo de sempre, que todos tán ben, qu'el sobrín medra qu'é un primor, qu'el outro día tuvo por ei Mengana pra convidalla á boda del fiyo que vei ser en mayo, que se nun sabe ella se en mayo atopará igresia, que claro, a esas alturas tarían todas xa piyadas, anque nunca se sabe, como agora casa menos xente, qu'agora lo que se lleva é irse a vivir xuntos, y qué qués que che diga, fain ben, que lo outro é todo pra gastos, que mira que cua boda del neno de Manulo, a boda mui guapa, peró pra lo que duraron miyor aforraban os cuartos... En fin, cuntábaye esas cousas que cuntan as madres. Y a Falo, a verdá, a boda d'este ou del outro importábaye máis ben pouco, peró aquellas lletras sabíanye a gloria.

Cuntaban naquel chigre nel que paraban ben de veces un peteirín d'asturianos, qu'houbera dalgúa movilización en Asturias pol tema del peche dos astilleiros, peró Falo nun s'enteróu muito ben del que pasara, porque na tele xugaba el Barça y, claro, eso naquel barrio madrileño abondaba pra qu'a taberna s'enchera de xente que mostraba efusivamente as súas pasióis fuboleiras.

Al chegar al portal, Anna, aquella mocía rusa d'oyos enormes que vivía nel terceiro dereta miraba delantre del buzón el correo.

—Hola, ¿qué tal? Parece que vei quedar bon día, ¿eh? ¿Cómo vei todo?

—Hola, ¿qué tal? —chapurriaba en castellano a moza con certo esforzo—, estoy mirando el buzón, no llega nada de papeles.

Y se quen espera desespera, aquella moza tía úa paciencia digna d'admirar, porque todos os días abría el buzón cua mesma ilusión; al final subía as escaleiras canturriando cousas da súa terra. Aquella moza sempre cuntaba cousas de Rusia, de condo caera a URSS, de condo tuvo que vir a España a trabayar, y con aquellas cousas Falo quedaba sempre empavolao como un neno pequeno.

Na soledá da cama axuntábanse os pensamentos, a moza francesa que berraba a súa indignación, os compañeiros de chigre que falaran daqué de novos xalés adosaos nel sou conceyo, as lletras de súa madre dicindoye que Bastián fora pra Xixón pra fer nun sei qué d'ordenadores, y Xuaco marchara pra Bilbao a úa fábrica, Anna, a súa voz canturriando cousas d'aquella terra tan llonxe metíaseye na cabeza hasta que durmía con aquellos sois.

Un día chegóu a policía á porta da nena rusa. Sabicheiro, Falo miróu pola mirilla cómo ye apricaban a llei d'estranxeiría a aquella moza que cantaba sempre aquellas cancióis de llonxe que pola noite aneinaban al asturiano y os llúis ye alegraban as mañás nos qu'a xelada —nel sur tamén xela— ye apegaba as sabas al corpo. Detrás da porta el rapaz choróu en silencio. Pasóu el tempo y nunca puido superar aquella sensación de balleiro cada vez que subía as escaleiras silenciosas.

Falín chegóu a casa —desque llevaran a Anna era menos casa que nunca— y puxo a televisión. Nella un homón grande y outro dalgao turnábanse pra martellar con un mazo nun muro, al tempo qu'un feixe de xente emocionada berraba tolla d'alegría, dous rapaces saltaban enriba da parede y úa moza roxa choraba y ría a un tempo (¡cónto se parecía a aquella outra moza roxa que conocera y qu'úa llei y us homes d'uniforme ye quitaran!). Úa voz en off dicía «a cayida del Muro de Berlín foi el símbolo da desaparición dos dous bloques». El documental sobre a cayida del Muro recordóuye a Falo aquel día nel que sendo neno vira na tele aquellas mesmas imaxes, aquellos días unde aquella alegría ye nubrara a vista a toda úa xeneración que creu qu'el mundo taba al alcance da mao. A voz en off siguía falando con aquel ritmo monótono «a democratización de Rusia y a unificación d'Alema...». Falín apagóu a televisión y salíu de casa. Tía que despexar a cabeza.

Metamorfosis y baile nel Edén

Esteban Nogueiro Fernández

A toda aquela xente que xa nun ta peró que sigue viva nel noso corazón. Bon viaxe.

¡Si, nena...! ¡Vai preparando el miyor xerséi de punto que teñas, el qu'encoyéu úa barbaridá, porque el sábado de noite hai baile nel Edén!

Y é qu'el Edén tía algo especial... (sobre todo ás cuatro da mañá).

I. De cine a salón de baile

A golpe de cadril, Toño y Pepe del Moderno cambiaban a sala nun pis-pas; butacas que cobraban vida y andaban a lo tolo buscando el sou sito... ¡Pista de baile feita! Mesías con mantel (oyo), luz tenue y ambientador... ¡Muito ambientador...!

Había úa discoteca (merece úa historia aparte) apegada al salón de cine que se xuntaba pal baile y se taba búa noite tamén se fía con un patio d'entrada, así qu'aquelo quedaba macanudo. El «gallinero» y el palco principal de butacas fixeran d'espías anos atrás, peró nel 82 valían pa falar d'algo más que bailar (xa levábamos us contos anos de democracia y pintaba qu'iba ben). Dúas barras que nun daban abasto (muito se bebía, ¿eh, ho?) y dous mexadeiros qu'amén de lo mesmo. Escenario potente y Orquesta.

II. De caye a de baile

Ben, ¡esta é a nosa!; un baile sin bailaríos nún é tal, así qu'había que tar á altura das circunstancias: ¡igual «ligabas» esa noite!, se nun tías xa refresquín...

Lo primeiro, ducharse, xesto qu'era agradecido abondo polas madres; claro ta, col gel ese novo ¡que cheira que mete medo! Despós... ¡a ver qué pois! Neste punto y con 18 anos ás costas, nun hai diferencias sexistas, tanto elas como nosoutros somos capaces de tar dándoye voltas todo el día. Tías tres opcióis: ir curiosín, ir d'estrena ou ir «feito un cocho». Se escoyías a primeira podías ir más al tou aire, combinando algo veyo con algo novo, y sin que te mancaran os zapatos novos que compraras en «Casa Gayol» de Tapia (Asturias) ou en «La Moda» de Ribadeo (Galicia), ben peñao y ¡Ça y est!, que diría Remi «el Francés».

Na segunda opción xa arriesgabas un pouco. Taba claro qu'elas iban mirar abondo pa ti peró corrías el peligro de qu'a os tous colegas nun yes sentara mui ben a túa estrena, y tuveras amolao toda a noite... sobre todo se nun trunfabas.

A terceira xa escluye el lavao, incluso a muda, y a roupa... ¡a que che petase!: xa salías como de mala hostia.

Nos tres casos sin escepción, y antes de salir, recibías el bautizo d'*Attkinsons* ou de *Brummel*: ¡que se soupera cóndo chegabas! Despós de Reis había verdadeiros «duelos» con esto del cheirume. Por certo, se ibas d'estrena, ben afeitao, y xuntabas úa búa dosis del *Varon Dandi*, fían de ti un reclamo sin duda algúa; elas, más dulces, dicían ¡qué ben cheira!, y elos... ¡Dios, cómo cheira!, ¡Buuuuf, quén é!, ¡nun hai quen pare!, etc., etc.

III. De tar fora a tar dentro

Cita coa «pandilla» y planificación d'estratexa. Antes d'entrar había que decidir cómo, así qu'axina se fía a primeira criba cos qu'iban pagar, y el resto tíamos que discurrir cómo nos íbamos colar; así que toca espionaxe... Disimulando pas carteleiras, como quen nun quer a cousa, axina sabíamos quén taba na taquilla, quén de porteiro y se abriran as dúas foyas da porta ou sólo úa. Sempre, lo pior era burlar al porteiro, anque había dúas escepcióis que se chamaban Toño y Pepe del Moderno, fiyos d'Alonso que lo rexentaba daquela. Se taban elos na porta más valía optar pola opción diplomática —corrían muito y tían mala hostia—, así que lo más probable era qu'acabaras con úa patada nel cul (nel miyor dos casos). Se taba Alonso, pagaba xusto por pecador; como era algo froxo, puxábamos como burros hasta que se colara ún, y era tanto lo que ye amolaba que salía correndo detrás d'él como alma en pena, momento este qu'aprovetábamos pa colarnos el resto. Se taba Luis del Moderno, tamén da familia, taba feito: entre que si y que non, pasábamosye por debaxo da barriga un feixao d'elos; dábase conta, peró fíase el tolo y nun se movía da porta. Se taba Isabel, dicíasye que nun tías cuartos y enrollábase. Se taba «Minuto», dicíasye que se podías pasar un segundo pa ver se taba fulano ou pa darye úa cousa a daquén... y de seguido abríache el paso recordándoche ¡sólo un segundo!, ¿eh? ¡Gracias, Minuto! Se taba Lino, era igual que nun tuvera. D'un xeito ou d'outro nunca quedamos fora.

IV. De frío a calente

Xa dentro, este era un cambio decisivo nel ésito da noite, sobre todo porque as rapazas foran alixeirando roupa y aquello piyara color. Nada miyor que daqué de beberexe pa poñer os papos coloraos, así que... a primeira parada na barra. Dependendo dos cuartos que tuveras, así iba a cousa (como agora), anque daquela case sempre había quen convidase. Ta claro que se ibas d'estrena había que levar pa moyala algún cuarto y tocábache a ti. As nenas nunca tían un peso, ¡nun sei por qué!, y eran más remisas a beber algo, pro nosoutros..., ¡nosoutros bebíamos igual qu'animales! ¡A verdá é que se fían úas mezcras...! ¡Ponme un «cuantró»!, ¡43 con cocacola!, ¡un ponche!... (podía seguir toda a noite). As mozas querían miyor el «Pippermint» que, según nosoutros, calentábalas muito. El caso é qu'a cousa iba ben y xa nun tíamos miga de frío.

V. De tar parao a tar bailando

Esto dábaseyes miyor a elas, y en conto chegaban xa había abondas bailando; tu, «cacharro» en mao avanzando hacia el grupo... ¡Ei vou! Sábado y Orquesta iban da mao y, entre descanso y descanso, música de discoteca. Vían formaciois asturianas, ga-



Anos 80 nel Edén

legas, valencianas y d'unde cuadrase. A ritmo de cumbia, pasodobre ou merengue tías que centrarte y sacar a bailar..., peró ¡amigo!... nosoutros reservábamonos pas lentas, qu'eran as que prestaban más y as que menos cansaban y encima sólo tías que dar voltas despacín... ¡mui despacín! Se vías que s'arrimaba case chegabas a tar parao; se non, habíalas con muito remango que che marcaban el ritmo pa que nun te dormiras nin xuntaras demasiao (nun había móvil pa disimular). Por aquel entonces descubríamos felices os «cruzados mágicos de Playtex» (se nun lo dices todo xunto, nun sona) y lo medradías que taban as nenas da pandilla... ¡Xa picaba abondo! Y, se al acabar a peza, che dicía «si» al «¿seguimos?», xa trunfaras. Dos primeiros nervios por sentir un corpo de muyer ben xunto, pegao al tou... y á terceira peza..., con aquelo dereto y medio puxando, dicíasye: ¿tomas algo?, y se se ría un pouco... bailabas despós hasta a música del Telediario.

VI. Das tres ás seis da mañá

El baile, en principio, remataba ás tres y media ou cuatro da mañá, peró entre que me vou y nun me vou (ver Mántaras), recoyo y nun recoyo... dábanche as cinco tranquilamente; das tres p'adelante solíamos tar ben contentos, parecéndonos xa que taban todas «buenísimas» y mortos de risa entre úa cousa y outra, chegao este momento xa había peligro de pelea (ás veces masiva), peró nel remate del baile había un xareo y úa animación qu'era contaxosa. A orquesta deixara de tocar «Se va el caimán» y sorprendíanos con «El rock de la carcel», y todo aquelo era un desmadre xeneral. Alonso, el xefe de sala, berrando qu'había que pechar y nosoutos ¡outra!, ¡outra! Muitas veces cantábamos «Asturias, Patria Querida» col coro da Guardia Civil. Feitos os adioses y camín da casa... con resignación, fame y sono, pensabas... bueno... ¡el sábado que vén hai baile nel Edén!

Final alternativo: ir ver al «Regueiro» a «Os Apaches» (falaréi outro día).

Llibros

INFORME SOBRE A FALA OU GALLEGO-ASTURIANO. ÚA PERSPECTIVA HESTÓRICA, SOCIAL Y LLINGÜÍSTICA.

• *Colección Os Llibros d'Entrambasauguas nº 12, Academia de la Llingua Asturiana - Secretaría Llingüística del Navia-Eo, 2006.*
• 44 páxinas.

Con este documento, el Academia de la Llingua Asturiana quer brindar d'un xeito rigoroso, peró tamén divulgativo, úa visión básica del qu'é a variedá llingüística que se fala nas terras máis occidentales d'Asturias.

El llibro xébrase en cinco capítulos principales: a terra d'Entrambasauguas dende el punto de vista hestórico y cultural, a identidá y as actitudes llingüísticas entre a xente, a fala ou eonaviego dende un punto de vista filolóxico, el llabor del Academia na recuperación llingüística del Navia-Eo y, pra rematar, úas conclusióis y propostas da institución académica pr'amiyorar a situación da nosa fala.

El documento presentóuse nel occidente nun acto feito na Casa da Cultura de Navia, cua presencia del conceyal de cultura naviego, Mariano Fernández, da presidenta del Academia de la Llingua, Ana M.ª Cano, y del responsable da Secretaría Llingüística del Navia-Eo, Xosé Antón González Riaño. Da intervención de González Riaño destacamos estas palabras: «El desconocemento y a falta d'información é un campo de cultivo ben al xeito pra que nazan as rellecturas interesadas da hestoria, as manipulacióis y as falsedades. Os intentos de dalgús sectores del galleguismo intelectual y político de «redimir» estas terras, querendo decidir el sou futuro apoyándose en pretendidas razóis culturales y llingüísticas, tán de sobra núa sociedá democrática como a nosa y máis condo el sentimento y a identificación con Asturias nestos conceyos occidentales son claros como el augua. Este informe quer axudar a botar lluz na cuestión eonaviega acudindo a fontes solventes y a os estudios d'espertos na materia, muitos d'ellos investigadores d'esta terra. Porque nestos últimos anos tamos asistindo a un renacemento del interés pola fala por parte de xente nova que ta apurrindo os sous conocementos y a súa preparación neste llabor de recuperación. Muitos dos que tades aquí sodes búa proba d'esto que tou dicindo y eu nun podo máis que tar contento de qu'el papel nestos anos da institución que tamos representando a Sra. Presidenta y eu valira pr'axudar nese llabor». Ana M.ª Cano lleu as conclusióis del informe y despóis pasóuse a un coloquio col público qu'enchía a sala unde s'anunciaron dalgúas iniciativas da institución pral Navia-Eo.

Además da edición en «Os llibros d'Entrambasauguas», el Academia tamén sacóu outra edición billingüe del mesmo texto en asturiano y castellano na súa colección «Collecha asoleyada».

TERRA DE PATARICOS

• *Autor: M.ª José Fraga Suárez*
• *Colección Os Llibros d'Entrambasauguas nº 13, Academia de la Llingua Asturiana - Secretaría Llingüística del Navia-Eo, 2006.*
• *85 páxinas.*

M.ª José Fraga sorprendéunos a todos col sou llibro de relatos *Cua lluz prendida* (2005). Volve a fello agora col sou primeiro poemario: *Terra de pataricos*. D'él conocíanse dalgúas poesías publicadas en revistas como *Lliteratura* ou *Lletres Asturianes* que xa fían osmar a chegada d'úa voz poética madura qu'iba ter muito que dicir nel panorama actual da poesía eonaviega. Este *Terra de pataricos* confírmalo.

El autora estrema el llibro en tres partes: «El augua da vida», «Nel oyo del patarico» y «El isla». Como se ve, a presencia del augua empapa todo el llibro como úa recurrencia ben evocadora nel léxico, nas metáforas, nos temas: ondas, prayas, mares, barruzo, mareas, arribadas...

El poemario trátase d'úa proba máis de qu'a nosa poesía querse enreizar nel corrente da miyor poesía, a que fala cuas palabras da casa dos temas de sempre: el paso del tempo, a morte, el recordo, el amor... Y failo con llirismo, con sentimento, con dolor, peró tamén cua ironía ou hasta col humor.

Pra envizcar a os llectores podemos acabar col empezo d'ún dos poemas d'este *Terra de pataricos*: «Vámonos desfendo d'a pouquíos,/ nas amarregas, nas lluitas/ corpo a corpo./ Gastámonos, sorbendo/ el ún al outro/ os zumes da vida,/ el aire todo.»

UNDE LETRAS FALAN. ANTOLOXÍA DA POESÍA EN GALEGO-ASTURIANO (1891-2006)

• *Autor: Xosé Miguel Suárez Fernández.*
• *Colección Albera nº 47, Trabe, Uviéu, 2006.*
• *165 páxinas.*

A hestoria da poesía en gallego-asturiano vén sendo úa desconocida pra os sous falantes agá casos cuntaos. Esta antoloxía quer axudar a acabar con ese desconocemento brindando a os llectores un recorrido polas composicióis principales qu'el au-

tor puido recopilar dende 1891, fecha da primeira poesía na fala d'Acevedo y Huelves, hasta os escritores y escritoras actuales.

De cada poeta faise un recorrido biográfico y escóyense como mostra dalgúas das súas creacióis. En dalgús casos, como Ramón García González ou Pepe Muestras, el antologador escoye d'entre muita producción, peró noutros, como con Acevedo Huelves, Carlos Pérez Méndez ou Federico Magadán, recóyese el pouco que se yes conoz. Os outros autores antologaos qu'einda nun citamos son Claudio Fernández Luanco, Conrado Villar Loza, Manuel del Rey Velarde, Pedro Penzol Travieso, Ignacio de Catalina, José Antonio Labandera Campoamor, Daniel Vargas Vidal, Benjamín López González, Francisco Fidalgo Villaveirán, Ana Vior Díaz y Alejandro Antúñez Vázquez. É tamén interesante el feito de que pódamos conocer, por primeira vez, el retrato de dalgús dos escritores.

Péchase el antoloxía con ún último capítulo, «A poesía nova», unde se fai úa escoyeta entre a producción poética d'escritores d'enguano que romperon temática y estilísticamente cua poesía tradicional: Fredo de Carbexe, Xaviel Vilareyo Villamil, Alfredo Álvarez de Ponticella, Aurora García Rivas, José Ramón Martínez Castro, Arturo Álvarez Fernández, Xosé Miguel Suárez Fernández, Marisa López Diz y M.ª José Fraga Suárez.

SOÑOS DE PELLEGRÍN / SUEÑOS DE PEREGRINO

- *Autor: Fredo de Carbexe.*
- *Andolía, 2006.*
- *94 páxinas.*

Fredo de Carbexe xa é un veyo conocido d'esta revista. Nella ten colaborao ben veces con artículos relacionaos cua xeografía y a medría local. Peró además de xeógrafo, Fredo tamén escribe poesía, úa poesía ben enreizada nun paisaxe que se confunde sempre cos sentimentos y el ánimo del poeta. Autor del poemario *Mourén dos fondales* (1996), volve alló agora con este *Soños de pellegrín*.

Os poemas d'este llibro vein a ser como un diario de viaxe porque nacen del sou andar como pellegrín camín de Santiago, recorrido que xa ten feito por tres rutas distintas. Os sous versos falan d'ameiceres, montes escuros, carreiros y caleyas, igresias calladas, regueiros, pontes... y sempre col alma caltrida das sensacióis qu'el camín brinda al pellegrín, cos oyos empapaos da hestoria veya que todo lo envolve.

El llibro, con úa edición feita con muito procuro, preséntase de xeito billingüe, cos poemas enfrentaos: en castellano na plana esquerda y na fala na dereta.

COUSAS D'OUTRO TEMPO. CONDO EL CARIÑO É DE VERDÁ.

- *Autor: Agrupación Artística d'Armal.*
- *Conceyo de Bual, 2006.*
- *92 páxinas.*

Os autores da trescripción y das notas al texto, Gilberto Sánchez Jardón y Ignacio Vares García, xa deran noticia d'esta obra y publicaran un fragmento nel número 22 d'*ENTRAMBASAUGUAS*. Agora, al cabo, da mao del Conceyo de Bual, a xente interesada xa pode conocer toda el obra.

Trátase d'úa típica comedia costumista d'amores estrenada el 24 de mayo de 1936 pola agrupación artística d'Armal (Bual) y amañada por ellos mesmos. Volvéuse a poñer el día 31 del mesmo mes y tían trazao estrenalla na villa de Bual, anque a guerra acabóu col proyecto. *Condo el cariño é de verdá* encontróuse manuscrita nel archivo de Félix Bousoño Martínez, maestro nacido nel llugar d'Armal y autor d'úas coplas qu'abren y pechan el obra. Na terceira parte da representación inclúyese úa cizarrada unde se recitan as chamadas «Coplas del Gacho», que pinta que retratan un feito real y que, según el que cuntan nellas, son de 1877. Nesta edición recupéranse además dous anuncios da representación y úa foto del escenario col decorao.

Rescatar obras como esta, que durmía esqueicida nun cartapacio, supón un paso máis na recuperación da tradición teatral na nosa fala, además d'aumentar el que conocemos da nosa lliteratura.

NA BOCA DE TODOS. RETRATO POÉTICO ACTUAL DEL OCCIDENTE ASTURIANO.

- *Autora: Aurora García Rivas.*
- *Conceyo da Veiga, 2006.*
- *224 páxinas.*

Con un criterio xeográfico—el occidente asturiano—, y un criterio llingüístico —poesía feita por escritores vinculaos á zona y d'espresión non castellana—, a poetisa santiseña Aurora García Rivas fai úa escoyeta ampria pr'amañar esta antoloxía: nas súas palabras, «dende os criterios esclusivos do qu'eu entendo por calidá poética e coa estética d'agora mesmo». Hai, además, úa nota preliminar del veigueño Luis Casteleiro situando el panorama poético actual del occidente y animando á súa llectura.

Cada autor vai precedido d'úas notas biobibliográficas apurridas polos propios escritores. As grafías y modelos llingüísticos son ben variaos: dende poesías en gallego-asturiano y en asturiano occidental, hasta outras en asturiano central, gallego ou portugués. Nada menos que ventidóus autores actuales, dato que pode dar idea del bon momento que vive el cultivo poético nel occidente asturiano. El antoloxía presentóuse nun acto na Veiga feito el 11 d'agosto del ano pasao, anque tamén se presentóu en máis sitos al llargo del ano que salíu (O Chao, Uviéu, L.luarca y Xixón), y hasta en América, concretamente en Buenos Aires, unde Aurora García Rivas tuvo tamén presentando el sou llibro de poesía en castellano *La tierra vertical*.

Artículos



Na revista *Asturies. Memoria encesa d'un país* os artículos en gallego-asturiano son xa habituales. Destacamos os dous últimos publicaos: el primeiro, aparecido nel nº 20, firmao polos xeógrafos espertos en medría local Benxamín Méndez y Fredo de Carbexe: titúlase «Navia-Eo: marca de calidá territorial "Terra da Fala"»; el segundo, publicao nel nº 21 da revista, «Cuentos del Valledor», de José Antonio García Linares, recoye dous relatos sobre as andanzas del oso por aquellas terras.

Poesía

Nel nº 93 da revista *Lletres Asturianes*, na sección «Lletres nueves», Aurora García Rivas publica dúas poesías que, como as aparecidas nel númaro lliterario de mayo da mesma revista, son adelanto del sou prósimo poemario. Nese mesmo Lletres Asturianes 92, del que xa demos conta nel númaro anterior d'*ENTRAMBASAUGUAS*, esqueicéramos nombrar outra poesía máis na nosa fala, «El berzo del llume», del poeta Xaviel Vilareyo Villamil.

Discos

• A tradición músical del occidente sigue dándose a conocer col trabayo dos investigadores que recoyen da boca da xente a súa música. D'esta volta temos que destacar el trabayo titulao «Música tradicional d'Allande», editao pol sou Conceyo.

El proyecto recoye úa mostra ben guapa del llabor investigador de Xosé Ambás, Diego Pangua y Dolfu R. Fernández, que brindan nel disco as grabacióis orixinales nas que se basaron y a reellaboración musical que fixeron despóis dos temas. Hai músicas d'alló y acó del Palo, das dúas zonas llingüísticas nas que se pode estremar el conceyo.

Da parte unde se fala a llingua eonaviega son as pezas «El rosco» y «Os Reises», recoyidas nel Valledor; «A jota» y «Íbache pá feira nova», recoyidas en Fonteta; «A muliñeira», recoyida en San Salvador; y «El agarrao», recoyida en Monón. Hai que destacar que nos créditos del disco a esplicación de cada cantar ta escrito na fala del llugar.

• Nel último disco del cantautor asturiano Toli Morilla, «Entropía», tamén hai sito pral gallego-asturiano. El trabayo pon música a poesías en asturiano de dalgús poetas actuales, peró Morilla tamén s'acordóu del occidente y escoyéu úa poesía ben guapa d'Aurora García Rivas que sal nel sou llibro *O viaxeiro da noite*: «A fronteira».

• Pra rematar este recorrido polas novedades discográficas unde a llingua eonaviega ten presencia hai que falar de «Agua del norte», primeiro disco de Mestura, dúo amañao por Luis Suárez y Marisa López. Marisa, cantante del grupo, poeta con reices en Grandas de Salime, incluye nel disco úa cántiga cua lletra d'úa das súas poesías na nosa fala: «Días de cinza».

Premio Xeira

En novembre del ano que salíu féxose público na Caridá el ganador del XVI Premio «Xeira» de narracióis curtias, dotao con 500 euros. Trátase del relato «Tempo de dolor», del autora caridega Aurora Bermúdez Nava, profesora de llingua eonaviega nas escolas públicas de Tapia y A Caridá, y autora de dalgús artículos publicaos na revista *Entrambasauguas* y en obras conxuntas editadas pola Secretaría Llingüística del Navia-Eo.

Normalización social

• Os apartamentos rurales «El bosque de las viñas», nas Viñas (Bual), acaban de sacar un tríptico promocional das súas instalacióis unde de xeito billingüe, castellano y gallego-asturiano, s'esplican as escelencias tanto del interior como del esterior da casa, además das posibilidades que brinda a contornada pral descanso, peró tamén pral deporte. Nun podemos máis que chufar el feito de qu'a nosa fala empece a aparecer con normalidá na promoción turística das terras máis occidentales.

• Como xa vén sendo avezo nesta asociación, el Grupo de Montaña «Club Deportivo Marqués de Casarego» sacóu un llibrín cuas actividades pral curso 2006/07 unde a nosa fala é a llingua principal nos textos.

• Nas eleccióis sindicales que se fixeron nel enseño asturiano el pasao 30 de novembre, el Sindicato Unitario y Autónomo dos Trabayadores del Enseño d'Asturias (SUATEA) fexo úa versión en gallego-asturiano del sou programa electoral, además da versión en asturiano y en castellano. Na súa páxina web (www.suatea.org) pódese ver. Tamén en dalgúas noticias dos sous boletíos informativos tán usando a nosa fala.

• El Conceyo del Franco volve ser protagonista nel occidente nas iniciativas municipales en favor da llingua eonaviega y da súa promoción. Entre outras cousas, en setembre, nas festas de San Miguel, dentro das actividaes da Selmana Cultural qu'amaña el Conceyo, fixéronse dalgúas que tían que ver cua fala, identidá y cultura tradicionales del Navia-Eo: dende conferencias como as d'Ignaciu Llope («Dalgús mitos galleguistas sobre el Occidente d'Asturies») ou Benxamín Méndez («A casa tradicional na marina occidental asturiana») hasta a presentación de llibros (*Soños de pellegrín*, de Fredo de Carbexe y *Unde letras falan. Antoloxía da poesía en gallego-asturiano (1891-2006)*, de Xosé Miguel Suárez Fernández).

SOLICITÚ DEL BENEFICIO D'ASISTENCIA XURÍDICA GRATUITA POR AS
LLETRADA NEL PROCEDEMENTO ESPECIAL D'ENXUICIAMENTO R
SOLICITÚ DEL DERETO D'ASISTENCIA XURÍDICA GRATUITA PRÁ DEF
REPRESENTACIÓN LLETRADA Á MUYER VÍCTIMA DE VIOLENCIA DE X

• A Conseyeiría de Xusticia, Seguridá Pública y Relacióis Esteriores puxo a disposición dos ciudadanos qu'acudan al Xuzgao de Primeira Instancia y Instrucción de Castropol impresos tanto en gallego-asturiano como en castellano pra fer tres xestióis: a solicitú d'asistencia xurídica gratuita, a solicitú del dereto d'asistencia xurídica gratuita prá defensa y representación lletrada á muyer víctima de violencia de xénero, y a solicitú del beneficio d'asistencia xurídica gratuita por asistencia lletrada nel procedemento especial d'enxuiciamento rápido.

• A Conseyeiría de Vivenda y Benestar Social ta poñendo lletreiros na nosa fala anunciando a construcción de vivendas de Protección Oficial en sitos como en Xarrio ou As Figueiras.



• Col empezo del ano foron dalgúas as entidades y asociacióis qu'amañaron calendarios unde a nosa fala ta presente. El Axencia de Cooperación incluíu a versión eonaviega nos sous calendarios. A Conseyeiría de Vivenda y Benestar Social sacóu pral ano 2007 un calendario de parede trillingüe: castellano, asturiano y gallego-asturiano, col eslogan «Axunta el tou esforzo. Bota úa mao». Foi úa iniciativa d'emparzao cuas Asociacióis de Voluntariao y institutos d'enseño secundario d'Asturias.

• Como en anos anteriores, el asociación cultural Xeira editóu un calendario de mao na nosa fala que, seguindo cua llinia etnográfica da colección, reproduz na portada un dibuxo d'un auguadeiro.





• Un fancín é úa publicación feita de xeito artesanal, normalmente en fotocopia, que fai un grupo de xente nova, ás veces úa sola persona, pra dar salida ás súas inquietudes culturales, lliterarias, políticas, etc. Nel llugar del Espín (Cuaña), Xurde P. Lejarza edita dende hai anos *El espinete*, que xa vai pol nº 12 y unde tamén se publican colaboracióis en llingua eonaviega

Os nenos y nenas da escola pública «Jesús Álvarez Valdés» da Caridá, como nos brindaron a oportunidá de participar nel Arco da Veya, decidimos que queríamos contar cómo son as festas dos nosos llugares. Xa se sabe qu'é un día especial pra todos os vecíos y qu'os nenos somos os que máis gozamos condo hai xarana pol medio.

Os máis pequenos quixemos miyor falar dos nosos personaxes favoritos de dibuxos animaos que, tamos seguros, serán tamén os preferidos de muitos de vosoutros, nenos y grandes.

Como estos días anduvemos amañando actividades relacionadas col Día Escolar da Non Violencia y a Paz, tamén vos mandamos úa receta mui particular que fixemos. A ver se ten ésito y pral ano que vén hai muita máis paz nel mundo ou, polo menos, muitas menos guerras y conflictos.

Ah, ides a ver qu'El Arco da Veya aumentóu a máis páxinas. Así y todo, nun couperon todas as colaboracióis y houbo que poñer namáis dalgúas.

Tarta prá Paz

Lo que se ye bota:

- **Pra fer a base:**
un sacao de non á guerra, medio sacao d'amistá, dúas potecadas de non á discriminación, dez sacaos de non al terrorismo, cinco carretillaos de solidaridá.

- **Pra botar por dentro:**
doce prataos d'amor, seis puñaos de felicidá, tres ou cuatro cuyaradas de tolerancia, seis pocillos de respeto, oito puñaos d'igualdá, úa potecada de xusticia.

- **Pral almíbar:**
úa xarrada d'espírito de convivencia y seis vasaos de non al racismo.

- **Pr'adornar:**
cinco concadas de non á esplotación infantil, doce garfelladas de non á violencia de xénero.

Cómo se fai:

Pra fer a base coyemos el sacao de non á guerra, el medio sacao d'amistá y os carretillaos de solidaridá y triturámoslos ben. Reservámoslo. Batimos as potecadas de non á discriminación cos sacaos de non al terrorismo y botamos encima el triturao que xa tíamos amañao. Revolvemos ben, verquémoslo nun molde al xeito y cocémoslo a forno suave media hora máis ou menos.

San Cibrán

Eu vivo en Arancedo. Úa das festas que se celebran allí ta dedicada a San Cibrán, dura dous días y faise el 16 de setembre. Faise úa misa en honor del patrono. Despóis da misa faise úa procesión unde os homes del pueblo llevan el santo. En acabando a procesión, a xente que quer vei al parque d'Arancedo pra tomar algo y pra escuitar as orquestas que tocan. Tamén se fai úa comida especial en todas as casas y vein invitaos. Estos últimos anos, a diferencia dos pasaos, a chourizada faise al outro día pra qu'as muyeres que cocinan podan ir á festa. Este día, aparte d'ouguir tocar as orquestas, a xente baila y repártense rapóis, empanadas y chourizos. Ás veces vén un quiosco unde venden llamberetes y xoguetes, úa carpa y úa colchoneta, que tamén tán nel parque.

Jénifer Cancelos Fernández, Arancedo, 4º



Santa Rita

A festa da que vou falar é Santa Rita, que se celebra el 22 de mayo, dura tres días y faise en Arancedo, cerca d'Andía. El día 23 de mayo en Santa Rita celébranse as comunióis y este ano fíxenla eu con cinco nenos máis. A festa faise nun parque pequeno y allí hai bar, dúas orquestas y este ano poñeron úa colchoneta pra rebrincar os nenos. Pola mañá, ás doce, hai sesión vermú y pola noite un montón de xente ta pol bar y os xubilaos y outras personas bailan. Tamén tiran cuetes y hai úa procesión el 23 y vai un montón de xente. El último día, pola noite, fain chourizos y rapón hasta as 12 da noite. Tamén se fai comida especial na mía casa y temos invitaos. ¡Ta mui rica!

Adrián Ron García, Andía, 4º

Pr'amañar el que vamos botar por dentro, botamos nun cazo os prataos d'amor y os puñaos de felicidá y poñémoslos a cocer a fougo suave; condo vaya entestando, amecemos as cuyaradas de tolerancia, os pocillos de respeto y os puñaos d'igualdá y revolvemos hasta que se faga úa crema testa. Esperamos a qu'esfreza y botámosye a potecada de xusticia ben batida. Mezcrámoslo revolvendo sin parar y reservámoslo pra despós.

Pra fer el almíbar botamos nun cazo a xarrada d'espírito de convivencia y os vasaos de non al racismo y deixámosye ferver un bon cacho, hasta que se volva pegañoso.

Condo a base tía fría, partímosla polla mitá y puemos úa das mitades núa bandexa especial pra tartas. Moyámosla ben con abondo almíbar y botamos por encima a crema que fixéramos. Colocamos entoncias el outra mitá da base y emborrachámosla col almíbar que nos quedóu.

Pr'acabar, adornámosla espolveirándola ben cuas concadas de non á esplotación infantil y repartindo as garfelladas de non á violencia de xénero.

Alumnos y alumnas de gallego-asturiano de 4º y 5º de Primaria:

Natalia, Jeni, Patricia, Roberto, Luis, Nuria, Adrián Mera, Sergio Pérez, Adrián Ron, Saúl, Carlota, Sergio Menéndez, Javier, Paula, Tania Pérez, Antonio, Tania Fernández y Adrián Lenza.



El Ánxel

Vivo na veira del mar, nun pueblo pequeno que se chama El Porto. As festas del llugar son as del Ánxel y fainse pol brao, el primeiro fin de semana d'agosto. El santo ta núa capiya pequena dende a que se ve el muelle. Allí fain a misa y sácanlo en procesión entre dúas personas. As orquestas, que son dúas, poinse nel muelle y allí faise el baile. Muita xente pasíase pol muelle, na veira del mar. Hai úa tenda de xoguetes y un bar. Algúas veces hai regatas y adornan as lanchas que tán nel muelle. El último día hai úa orquesta pequena y comida pra todo el mundo, peró vai pouca xente.

Luis Lastra Fernández, El Porto, 4º

El Quince

El 15 d'agosto celébrase na Braña; festéxase el día da nosa Señora da Braña. Vein muitos romeiros visitar a virxe porque el santuario y a santa son mui conocíos y xa dende veyo se yes ten muita devoción.

Hai úa serie de ritos que se repiten ano tras ano: a misa mayor y a procesión alredor del igresia (mentres dura a procesión tiran cuetes y tocan as campás), a xente acércase a chuchar el manto da virxe y a prender velas, tamén se pasan pol manto pra bendecillos ramos de teixo con roscas ou sin ellas (esos ramos llévanse prá casa y dánseyes a os que nun poderon ir á festa), veise hasta a fonte da virxe beber auga y coyer úa pouca pra llevalla á casa (a xente fai estas cousas porque a santa ten fama de milagreira), muita xente lleva a comida y quédase de merenda nos praos qu'hai na veira da fonte ou alredor del campo del igresia.

De noite hai orquestas y baile hasta ben tarde. Tamén hai bares y tenderetes pra comprar cousas os nenos.

Sergio Menéndez Rodríguez, Romeye, 5º

San Miguel

A festa de San Miguel celébrase el 29 de setembre na Caridá. Dura entre tres y cuatro días que son: el día da charanga, San Miguel, San Miguelín y el día del neno. A charanga é el víspora de San Miguel. Un burro de Pascual, un vecín meu, recorre as cayes con un carro con chourizos, xamón y viño. Tamén van tocando música pr'anunciar el empezo das festas. San Miguel é el día principial. Polla mañá hai úa misa mui llarga y despós úa sesión vermú y polla noite festa con coches de choque, tiro y el canguro tamén. San Miguelín é al outro día de San Miguel. Hai festa polla noite, cuas mesmas cousas qu'el víspora. El día del neno hai karts, hinchables... Polla tarde y xa al escurecer dan bollo preñao y rapón. Tamén hai úa orquesta pra despedir as festas. ¡As festas de San Miguel son as miyores!

Antonio Suárez García, A Senra (A Caridá), 5º

Marge Simpson

El meu personaxe favorito é Marge, a dos Simpson, porque ten el pelo mui llargo, é mui graciosa y sempre lleva vestido. A súa familia nun ye axuda nada nas llaborías da casa y sempre que salen de paseo díceye a Hommer, el sou home, que nun beba, peró él nun ye fai caso.

Fani Santamarina Vázquez,
San Xuyán, 2º

Minnie é divertida y cariñosa. Gústame porque é úa ratía y porque lleva un vestido de color rosa con puntíos. Ten as narices redondas y tamén os oyos redondos, vive en Eurodisney y en Disneylandia.

Lucía Iglesias Pulido, Miudes 2º

Micky Mouse

El meu personaxe favorito é Micky Mouse porque hai muitas cousas divertidas y faime gracia. É un rato y vai mui ben vestido porque ten us zapatos y lleva un xersé y tamén us calzóis.

Pablo Sánchez Blanco, El Vao, 2º

Kika Super Bruxa

El meu personaxe favorito é Kika Super Bruxa. É úa nena lista y guapa. Ten el pelo colorao y ten maxa. Tamén ten un colobrón verde. Ten muitos amigos y pode viaxar al pasado. Por eso é a que más me gusta.

Juan Arenales Méndez, A Caridá, 2º

El meu personaxe son as Winx Club porque son fadas y salvan el mundo das fadas. Y encima tein purpurina y tamén me gusta porque engalan.

Lucía García Berdiales, A Caridá, 2º

Son muitas as colaboracióis na nosa fala que se poden encontrar na prensa naviega das primeiras décadas del s. XX, máis en verso qu'en prosa. Dalgúas d'ellas xa las temos reproducido nesta sección. Tremos agora, pola súa mayor rareza, úa carta aberta en prosa obra del naviego Antonio Fernández Fernández, del que xa publicáramos hai anos en *ENTRAMBASAUGUAS* úa carta en verso. Como todo el que ye conocemos en gallego-asturiano a este autor, ta firmao con pseudónimo. Nel caso d'esto qu'agora damos a conocer, publicao nel periódico *El Río Navia* el 10 de novembre de 1915 y escrito por Antonio Fernández con decisete anos, fírmalo col humorístico título de «Antonio del Pin y de la Cantimplora, Marqués de la Langumia». A carta ta dirixida dende Madrid, unde taba estudiando pra inxenieiro agrónomo, al sou amigo naviego Gumersindo López Oliveros. Nella hai mui ben referencias ás súas amistades, al vivir de cadaldía de Navia y, cómo non, a úa cuestión que daquella animaba as tertulias: a Primeira Guerra Mundial y os partidarios d'entrambos bandos, francófilos y xermanófilos. Copiámolo del periódico tal como saliu, sin amañallo ortográficamente, y nun cambiamos máis qu'as erratas evidentes.

CARTA ABIERTA

Sr. D. Gumersindo López Oliveros.

Navia.

Amigo Zis: Fai uos veinte días que cheguei aquí é inda non me pasou la pena de separarme de ti y de los outros del trust, pos si bien é verdá que Pin ta aquí, é como si non tuvera, pos non nos vemos más que los domingos; de Pan inda non recibín carta; debe ter la mar que fer.

Supoño que tarás muy divertío con los esfoyois; ¡quien pudera tar ei, pa ir contigo! Non deixes de decirme á cuales vas y todo lo que che ocurra en ellos; dime tamén si vas algua vez a dar el paseín despós de cenar por el barrio de Triana; non sabes bien lo muito que lo sinto you de falta; esto de pasear por la calle de Alcalá ó por la Castellana mialma che é ua lata, porque, permíteme que che diga la verdá: de encontrar aquí fuentes y jardines á encontrar ei lo que acostumbrábamos á encontrar dando la volta del postre, prefiero lo último; á min figúraseme que la vida que you faigo aquí non é pa chegar á veyo; desde las ocho de la mañá hasta la una (que había tar un bañándose en el Olga el Polvo ou pescando roballizas) non solto la tiza de la mau; así que cuando vou á comer tou chen de yeso hasta la misma cabeza.

Antonio Fernández Fernández

Xa soupen quel último domingo que tocóu la banda, houbo un gran baile en el Parque; *quiero decir*; haber, hay que amolarse con la xente de Navia; non la hay más animada en toda Europa.

¿Inda ta por ei *Francófilo*? ¿Sigue bañándose ou xa ye coyeu medo al frío? Procura convertirlo á la *Germanofilia* pa despós cuando you vaya pa ei ferlo outra vez *francófilo*; porque en cousas de la guerra teis que reconocer que el amo é *menda* (la modestia pode ir á freír espárragos) y si non acórdate de como desconcertamos entre Pan y you un día a un *germanófilo* de Navia, hasta el punto de que tu, ques *germanófilo* fuche a darnos la norabuena.

Non sei nada de si Segundo foi pa *Uvieo* ou foi pa Tapia; has decirmo porque me importa muito saberlo; dime tamén algua noticia desas que sueles ter guardadas nel sen pa los amigois; you desde que vin pa aquí xa me enterei de alguas cousas que non che digo porque tou seguro que pa ti serían noticias tan adelantadas como las que acostumbraba á darnos Pan; non te enfades porque che diga la verdá; desde el Bao hasta Bobia, mialma non pasa cousa que tu non sepas.

Cuando me escribas, escríbeme ben largo; si acaso che costa muito el papel failo en papel d'estraza (que non sería la primera vez).

Da recuerdos del Campanín á la Mediana y al Campanón y memorias mías á todos los amigois especialmente á Luaces, Peral y todos los que compoñían la reunión del Parque despós de comer nel banquín aquel que hay xunta el surtidor de la derecha y tu, amigón del alma, recibe un abrazo ben apretao de

Antonio del Pin y de la Cantimplora,
Marqués de la Langumia
Madrid, Octubre de 1915

Ei la tedes. É a familia da Folgueirosa de Freisnedo (Miudes), nel conceyo del Franco,
por finales da década dos dez del siglo pasao, más ou menos.
Son as seis nenas que quedaron allí desque Pepe —el ermao más veyo—
y Gervasio arrancaran como tantos camín de Cuba mandaos pollos veyos.
Na foto rodían a Carmen Méndez —chegada del palacio de Villar pra Freisnedo— y a Gervasio Gayol
(Folgueiroso), os padres de todos ellos y d'outros tres —fálame meu padre— que morreron antias
de saber nosoutros nada d'ellos, agá, claro, a súa morte.
As nenas, d'esquerda a dereta y de riba a embaxo son: Justa, Jovita —mía bola— y Felisa na fila de riba,
y Clara, Dionisia y María na de baxo. Tán postas detrás as más veyas y os traxes y a pose cúntannos
del especial del ocasión d'úa foto naquellos anos. Nun queda ningúa viva. Mía bola, de vivir,
tería 104 anos y nun era a más veya. Queda, igual namás, úa mirada a us oyos col encargo da vida
que se ve nel xesto de Jovita, que mira pra sou fiyo Julio, meu padre, ou pral periódico
col que Clara apunta a Mari Carmen, a súa fiya, y ye manda cuidarse, mentres eu escuito d'ellos
en Fonfría de Valdepares, ou na Folgueirosa de Miudes, el ruxir da vida, mía agora,
qu'antes pasóu por outras maos y outros oyos. Pollas das nenas da foto tamén.
Y é que xa somos lexón a os que nos pariron condo pariron, hai tanto tempo, úas muyeres que,
case noventa anos más tarde, a dalgús nos fai sentar y botar ús parzamiques sobre a familia,
inda anque el resto del ano nun nos véxamos más.

↓ Iván Iglesias «Cazarón»

Secretaría Llingüística del Navia-Eo

INXERTA NA ACADEMIA DE LA LLINGUA ASTURIANA

GOBIERNU DEL
PRINCIPÁU D'ASTURIES